



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de setembro de 2022 (1291/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local acctal (Resolución 19/09/2022), Sra. Ares Salgado, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(771).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de setembro e extraordinaria e urxente do 12 de setembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(772).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6807/241.

Visto o informe de fiscalización do 13/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 7 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (29-441).

Segundo.- O 24 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 155.360,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 euros.*
- *Propone un porcentaxe de desconto de 27,1 (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.*

Terceiro.- O contrato formalizouse en data 16 de xullo de 2019, por un prazo de 2 anos, iniciándose as prestacións o 1 de setembro de 2019. Contéplanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.



Concello de Vigo

Cuarto.- O 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou modificar este contrato para incorporar o mantemento integral do ascensor sito entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica (expte. 6.481-241). A modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 6.615,68 euros (IVE incluído), representando un 4,26% do prezo do contrato.

Quinto.- Na sesión que tivo lugar o 30 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local aprobou unha prórroga dun ano de duración polo período comprendido desde o 1 de setembro de 2021 ao 31 de agosto de 2022.

Sexto.- En data 10 de decembro de 2021 a XGL acordou a segunda modificación deste contrato para incorporar o ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 6682-241). A modificación formalizouse o 29 de decembro.

Sétimo.- En data 14 de xullo de 2022, a XGL acordou aprobar a segunda prórroga deste contrato, dun ano de duración desde o 01/09/2022 ata o 31/08/2023.

Oitavo.- O 25 de agosto a Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, responsable do contrato, solicita unha nova modificación do contrato para incorporar o mantemento do ascensor entre a Praza da Estación e a rúa Urzáiz.

Noveno.- Con data do 2 de setembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 5 de setembro de 2022.

Décimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego posibilita a modificación do contrato na cláusula 35 cando así se teña especificado no apartado 15.A das FEC. O referido apartado permite a modificación cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):



Concello de Vigo

- “Un incremento das necesidades estimadas inicialmente por aumentar os traballos de mantemento e reparación.
- Por aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter”.

Sinalando como aspectos a modificar o “incremento do número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais” e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC). Non se contemplan especialidades do procedemento de modificación.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incluír neste contrato o mantemento integral do novo ascensor sito entre a Praza da Estación e a rúa Urzáiz.

Informa ao respecto o servizo xestor con data do 25 de agosto de 2022:

“Con data 24 de maio de 2019, en sesión extraordinaria e urxente, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. (C.I.F. B46001897) o contrato do **SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS AO INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO (Expdte. 29/441)**, , asinándose o contrato o 16 de xullo de 2019, cun prazo de duración de dous anos, sendo a data de inicio do contrato o 1 de setembro de 2019.

Con data **08 de setembro de 2020** procédese á **modificación** do “Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie” co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica, acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2020.

En sesión de data **30 de agosto de 2021**, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a **prórroga dun ano** de duración do devandito contrato do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441), formalizado coa entidade mercantil THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. polo período comprendido desde o 01 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2022.

Con data **29 de decembro de 2021** procedeuse á **segunda modificación** do “Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie” que implica a incorporación do ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez, acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2021.

Con data **14 de xullo de 2022**, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou aprobar a **segunda prórroga dun ano** de duración do devandito contrato, polo período comprendido dende o 01 de setembro de 2022 ata o 31 de agosto de 2023.

Según dilixencia recibida no servizo de Electromecánicos, proximamente se ten previsto recepcionar as obras de “Instalación dun ascensor entre a Praza da Estación e a rúa Urzáiz”, que supón a instalación dun ascensor panorámico de capacidade para 13 persoas para salvar os desniveis dende a Praza da Estación ata a rúa Urzaiz con parada intermedia. O prazo de mantemento comprometido polo contratista finaliza en data 08 de outubro de 2022.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 7 de febreiro de 2019, establece expresamente na

Cláusula 35 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 15.A da FEC.

O referido apartado 15.A das FEC establece nos aspectos a modificar o incremento de número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais. As circunstancias que determinan a modificación no apartado C inclúe o aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter.

Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento deste ascensor considérase conveniente, pola técnica que subscribe, a modificación do "Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie" co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor entre a Praza da Estación e a rúa Urzaiz.

Considerando que os prezos contemplados no Prego de Prescricións Técnicas Particulares por ascensores similares, e a oferta presentada pola empresa adxudicataria a aplicar aos prezos unitarios indicados no apartado 3.G das FEC, que se corresponde cun desconto sobre os prezos unitarios do 27,10 %, ascendería a 364,50 €/mes (sen IVE), e que o período da modificación comprenderá ata a data fin da primeira prórroga aprobada do contrato, estimada para o 31 de agosto de 2022, valórase a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, en :

- Ano 2022.-período comprendido entre o 8 de outubro de 2022 e 31 de decembro de 2023: 1.234,93 euros (IVE engadido).*
- Ano 2023- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e 31 de agosto de 2023: 3.528,36 euros (IVE engadido)".*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, debido ao aumento de instalacións ou elementos a manter, resulta necesario incrementar o número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais (apartados 15.B e 15.C da FEC).
- Supón un incremento do prezo do contrato de 4.763,29 euros, que equivale a un 3,07% do prezo do contrato. Dado que este contrato xa foi modificado dúas veces (expedientes 6.481-241 -4,26%- e 6682-241-2,29%-), a porcentaxe de modificación total deste contrato é do 9,62%, polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

Tal e como indica a responsable do contrato no citado informe, a modificación empezará a executarse o 8 de outubro de 2022, posto que o adxudicatario do contrato de obras do citado ascensor ten a obriga de mantemento do mesmo ata ese mesmo día.



Concello de Vigo

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación está prevista no PCAP. O contratista, evacuado o trámite de audiencia, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter en adecuadas condicións os elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.d da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizos é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como indica o citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a *4.763,29 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00.*

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que os órganos de contratación que tiveran modificado un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, a excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o correspondente anuncio de modificación. Dado que o suposto de modificación non está dentro dos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, non é necesaria a súa publicación no DOUE.

No entanto, continúa o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a

súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).



Concello de Vigo

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos á intemperie do Concello de Vigo (expediente 29-441) nos termos sinalados neste informe. A modificación implica a incorporación do ascensor sito entre a Praza da Estación e a rúa Urzáiz.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 4.763,29 euros (IVE incluído), que se desglosa nas seguintes anualidades:

- *Ano 2022 (período comprendido entre o 8 de outubro de 2022 e o 31 de decembro de 2023): 1.234,93 euros (IVE engadido).*
- *Ano 2023 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e 31 de agosto de 2023): 3.528,36 euros (IVE engadido).*

Aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00. Esta modificación representa un 3,07% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato do 9,62%. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 147,02 euros.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(773).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS". EXPTE. 9215/335.

Visto o informe de fiscalización do 16/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 15/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9215-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira

delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9215-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.790,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 104.604,50 € (87,32 % de 119.790,00 para o ano 2022)



Concello de Vigo

- 15.185,50 € (12,68 % de 119.790,00 para o ano 2023)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) na seguinte orde descendente:

LOTE	CLASIFICACIÓN	LICITADOR	Puntuación TOTAL
1	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	54,60
2	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	VIGO POR LA DANZA	44,50
	3º	BIGLAB, S.L.U	33
3	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	33
4	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BARAFUNDA, S.L.	58,53
5	1º	BARAFUNDA, S.L.	70,79
	2º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), o día 29 de xullo de 2022, que presentan a documentación requirida os días 8 e 12 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 19 de agosto de 2022, acordou conceder un prazo de tres días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada. Este acordo notificouse o 22 de agosto. Dentro do prazo concedido os licitadores presentaron documentación.

Cuarto.- A Mesa de contratación, na súa sesión do 26 de agosto de 2022, informa que en relación coa documentación presentada por KOREMI REHABILITACIÓN, S.L para os lotes 1, 2, 3 e 4, non se acredita correctamente a solvencia técnica dado que os certificados achegados polo licitador doutros contratos similares non indican importe, polo que non se pode constatar que dispoña da solvencia esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP. Asemade, se ben non se indicou na acta do 26 de agosto de 2022, o licitador non acreditou correctamente a súa capacidade de obrar para os catro lotes nos que resultou clasificado á vista do obxecto social recollido no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (ROLECE).

A documentación presentada por BARAFUNDA, S.L. para o lote 5 é correcta polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste lote.

Quinto.- Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, a continuación na mesma sesión, por unanimidade:

“1. Ao non terse cumprimentado adecuadamente o requirimento formulado a KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) no prazo concedido, solicitar a mesma documentación aos licitadores clasificados en segundo lugar nos referidos lotes (BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) -lotes 1 e 3-, VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) - lote 2- e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, detectando ao seguinte:



Concello de Vigo

1. BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) -lotes 1 e 3- presenta a documentación requirida o 12 de setembro, dentro do prazo concedido, agás o certificado do Concello de Baiona para o cumprimento da solvencia técnica que se realizou o 14 de setembro habendo rematado o prazo o día 12.
2. A Mesa de Contratación na sesión do 15 de setembro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.
3. Pola súa parte, BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, presentou en prazo toda a documentación sendo a mesma correcta.
4. En vista do anterior acordase, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 1 e 3 a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) e do lote 4 a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402).
5. Polo que respecta á documentación presentada por VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975), presentan unha certificación da AEAT negativa na que se indica que ao devandita licitadora non presentou as declaracións/liquidacións correspondentes ao ano 2020. Xunto con esta certificación presentase documento de solicitude de certificado de non ter débedas do 12 de setembro de 2022, sendo este o último día do prazo. Enténdese por tanto, en base ao artigo 150.2 LCSP que débese solicitar ao seguinte clasificado a documentación establecida no PCAP.
6. Tendo presente que o seguinte clasificado é BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) e que esta licitadora xa presentou documentación por resultar adxudicataria dos lotes 1 e 3, requíreselle para que presente, no prazo de dez días hábiles:
 - Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.
 - Nomeamento do delegado para o lote 2, Anexo IV do PCAP.
 - Acreditación da solvencia técnica.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en segundo lugar, BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) -lotes 1 e 3- e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar os lotes 1, 3 e 4 deste contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) -lotes 1 e 3-e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 26 de agosto.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404)

- O lote 1 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 29.040,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.040,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 3 %.
- O lote 3 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 21.780 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.780,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 0 %.

Segundo.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402)

- O lote 4 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 27.830,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4830,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,61 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(774).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 25987/332.

Visto o informe xurídico de data 05/09/2022 e o informe de fiscalización do 12/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 18 de maio de 2022, o concelleiro delegado de Educación resolveu “Iniciar o expediente administrativo para a contratación da subministración de cadeiras para a Sala de Estudos do edificio do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo (avenida Beiramar)”.

No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 18/05/2022.
- Resolución do concelleiro de Educación de 18/05/2022, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo Servizo de Educación en data 07/06/2022 e conformada polo concelleiro de Educación en data 08/06/2022.
- Documento económico de certificado de créditos (RC 202200057287), de 08/06/2022.
- Declaración dos redactores do Prego técnico, do 09/06/2022.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 09/06/2022 redactado polo Servizo de Educación e anexos.
- Memoria Xustificativa de data 31/08/2022, redactada polo Servizo de Educación.
- Informe de data 31/08/2022 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 31/08/2022, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A adquisición de catrocentas cadeiras para a Sala de Estudos situada no edificio do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, coas características que se indican no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP). A subministración de cadeiras incluírá a entrega, debendo quedar totalmente instaladas e preparadas para o seu uso.

Duración: 4 (catro) meses a partir da formalización do contrato; non se contemplan prórrogas.

Prezo: O prezo do contrato estímase en 44.198,88 euros (36.528,00 euros máis 7.670,88 euros en concepto de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3231.625.0000 “Mobiliario e dotacións” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado da subministración de cadeiras para a Sala de Estudos do edificio do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo (avenida Beiramar)’.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 09/06/2022 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 31/08/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe total de 44.198,88 euros IVE incluído, para a contratación da subministración de cadeiras para a Sala de Estudos do edificio do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo (avenida Beiramar), con cargo á aplicacións orzamentarias 3231.625.0000 (Mobiliario e dotacións) e bolsa de vinculación do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación.

O valor estimado do contrato estipúlase en 36.528,00 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(775).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, SAU PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 16229/306.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 16/09/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 12 de setembro de 2022, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun



Concello de Vigo

convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración, redacta unha proposta de convenio asinadas dixitalmente o 14 de setembro de 2022, e conformadas pola concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable na mesma data.

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc. 220223280, de data 16/09/2022) aceptando a proposta de convenio, achega certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Consta, tamén, copia da escritura pública de apoderamento do representante legal da entidade.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., ten atribuído competencias no “medio ambiente urbano”, “residuos” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A Área Medio Ambiente e Vida Saudable en virtude da resolución da alcaldía de 04/09/2020, exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, fomentar hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos e disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores, a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e), como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, o Concello de Vigo a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa Camiño a Camiño e outros.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, autorizou en sesión do 25 de agosto de 2022, o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental percorridos medioambientais de outono a desenvolver de outubro a novembro de 2022, segundo expte. 16191/306.

A execución das actividades obxecto do proxecto pretenden desenvolverse parcialmente través dun convenio de colaboración empresarial que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo. Este establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

En cumprimento do apartado quinto da parte resolutiva do dito acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de agosto de 2022, no que se indica:

“(…)

Quinto.- Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de cinco días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

(…)”

procedeuse a publicación do acordo íntegro que inclúe o texto do proxecto de actividades, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data 02/09/2022.

Durante o prazo indicado de cinco días hábiles que rematou o 09/09/2022, foi presentada unicamente unha solicitude de colaboración empresarial en especie no “proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: percorridos medioambientais de outono dentro do programa camiño a camiño 2022”, da entidade Vego Supermercados, S.A., executando directamente as actividades ata un importe de 14.990 euros, máis IVE 21%, o que supón un total de 18.137,90 euros (docs. 22013936, 220214530, de datas 2 e 5 de setembro de 2022)

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 12 de setembro de 2022, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización do convenio de colaboración empresarial, e redactouse a correspondente memoria xustificativa e proposta de convenio ao abeiro do artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro,

En virtude do convenio, a referida entidade pretende colaborar co Concello de Vigo:

No programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado e organización de percorridos das sete rutas pola bisbarra de Vigo, que se realizaran os días 2, 9, 16, 23, 30 de outubro e 6 e 13 de novembro de 2022, das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental, percorridos medioambientais de outono, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 25 de agosto de 2022, segundo expte. 16191/306, ata un importe máximo de catorce mil novecentos noventa euros (14.990,00) euros máis IVE 21%, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado.



Concello de Vigo

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo a cambio dunha axuda económica, neste caso en especie que consiste na execución directa das actividades de interese xeral municipal, se compromete por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e encádrase dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40^a.4. das de execución do vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O convenio non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 16229/306 e co texto que de seguido se indica.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. (GRUPO VEGALSA-EROSKI) EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL”

En Vigo, _____ de _____ de dous mil vinte e dous.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. **Sr. D. Abel Caballero Álvarez**, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, **D. Joaquín González Iglesias**, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº 11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

Neste senso a RPT na unidade administrativa de Normalización lingüística prevé como postos singularizados integrantes na Escala de Administración Especial

- Xefatura de Servizo para o cal se esixe como titulación específica_ Grao en estudos de galego e español, en lingua e literatura galegas, en galego-portugués ou licenciaturas equivalentes, ou calquera outro grao ou licenciatura da Area de coñecemento de humanidades ou ciencias sociais e xurídicas segundo o espazo MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).

- Técnico/a Normalización Lingüística.- titulación 10- Grao en filoloxía galega ou equivalente e 39 Diplomado en filoloxía galega ou equivalente.

Neste senso a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) determina que “ *A persoa que supere o Celga 5 será capaz de comprender calquera tipo de texto oral e escrito, independentemente da súa extensión, temática ou tipoloxía, recoñecendo incluso os sentidos implícitos, os valores connotativos e os que se poidan asociar ao contexto comunicativo. Desde o punto de vista da emisión, será capaz de expresar oralmente e por escrito de forma fluída e espontánea situacións diversas, fará un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica, empregará adecuadamente os mecanismos de organización e cohesión textual, e escollerá o vocabulario e as expresións máis adecuadas ao nivel e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, poderá identificar manifestacións lingüísticas e sociolingüísticas do contacto idiomático, comprendendo as súas causas e #ante o proceso de estandarización e normalización. “ e serán convalidables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5) “ El título de licenciado en filología gallega o filología hispánica (subsección de gallego-portugués).*

Cualquier otro título de licenciatura, diplomatura o equivalente, siempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, por lo menos, 18 créditos de lengua gallega, y se esté en posesión del Celga 4. “

Dado que as funcións desenvolveranse na unidade administrativa “Normalización Lingüística” non existen inconvinte en engadir como formación específica na RPT o celda 5 segundo o especificado. Estímase a alegación neste punto.

Respecto a posto de administrativo cómpre sinalar que se trata dun posto non singularizado que forma parte da Escala de Administración Xeral que ten atribuídas as funcións asociadas ao posto de “ADMINISTRATIVO” polo que o posto non ten atribuídas especiais funcións que habiliten a existencia dunha a formación específica distinta ao resto dos postos de administrativos polo que procede desestimar a alegación neste punto.

- **AREA DE XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL (DOC. 220198691)**

A Xefa de área de xestión territorial e Patrimonial presenta escrito de alegacións no que solicita que se proceda a modificación da relación de postos de traballo da Área de patrimonio municipal e territorial que figura na RPT 2022, no seguinte senso:

1.- Reflictar a Área de Xestión Patrimonial e Territorial, código 240.1 ou o que se asigne, que deberá incluír os servizos de Patrimonio e Patrimonio Histórico, así como os postos adscritos a ditas unidades en virtude dos acordos da Xunta de goberno local.

2.- Reflictar na Área, en tanto non se cree o posto pedido o 15 de outubro de 2018, con reiteración de ata tres ocasións, o posto de administrativo que figura no negociado de Patrimonio co código 2330104.

3.-Reflictar os postos de Arquitecto e Auxiliar de Servizos Internos cos que contaba xa dotado este servizo na RPT do 2017 e que resultan imprescindibles para o desenvolvemento das funcións técnicas patrimoniais.

4. Reflictar o posto de auxiliar 2400106 con lenda REL EMPREGO 2400106 no Negociado de Patrimonio

5.- Reasignación a este Servizo de Patrimonio do posto de Arquitecto/a técnico/aparellador (ref.4400109 da Área Serv Xerais e Vías), de acordo coa Resolución da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data 14/12/2021.

Trala solicitude, en data 05.09.2022 emitiuse informe da técnica de RRHH e Formación no seu se sinala “ *Entendese que debe estimarse a creación dunha nova unidade organizativa coa denominación “Área de Xestión Patrimonial e Territorial” a que se adscribirían os postos de :*

- *Codg 302 “Xefe/a da Área de Xestión Patrimonial e Territorial ata agora no servizo de Patrimonio, Codg 240.*



Concello de Vigo

- *Un posto Codg 105 ao que se atopa adscrita a funcionaria con NP 21746 na unidade 241 "Negociado Patrimonio"*
- *As unidades Codg 243 e 244 non figura adscrito ningún posto dende o ano 2017, motivado na reconfiguración do posto 213 Arquitecto/a xefe/a Unidade técnica Patrimonio e a reasignación como consecuencia da adaptación de posto de traballo, ao empregado municipal en réxime laboral con NP 22881, auxiliar de servizos internos (cod. 136), destinado na Oficina Inventariado Patrimonio Municipal cod. 244 ao Servizo de Rexistro Xeral-cod. 232, dispoñendo igualmente a readscrición da praza e do posto de traballo asociado (código retributivo 136) ao Servizo indicado (código 232) (Expte 28629-220).*
- *Deberase estimar a alegación referente a reasignación dun posto de arquitecto-técnico aparelador, adscrito a Área de servizos xerais Codg 440, ao servizo de Patrimonio segundo instrucción da concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 13/12/2021, expte. 38979/220."*

Cómpre sinala que no expediente 38979/220 consta instrución de servizo da concelleira delegada da área de Xestión Municipal na que ordena *"Que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda a tramitación administrativa urxente do expediente para dar cumprimento a solicitude realizada pola Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, procedendo a readscrición do posto vacante cód.180-Arquitecto/a- Técnico/a-Aparellador/a, da Área de Servizos Xerais, cód. 440, ao Servizo de Patrimonio, cód. 240 a maior brevidade posible, sen prexuízo da modificación orzamentaria que proceda."* Dita instrución trae causa da solicitude da Xefa da Área Patrimonial de traslado ó técnico/a que supere as probas de aparelador para recuperar o posto de técnico que se deu de baixa da relación de postos de Patrimonio, debido á imperiosa necesidade de realizar todas as actuacións técnicas indispensables para xestionar o patrimonio municipal.

Actualmente é titular do posto a funcionaria de carreira co número de persoal 84857,

O artigo 61 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo , que aprobou o Regulamento Xeral do Ingreso de Personal da Administración, Provisión de Postos e Promoción dispón " 1. Los Departamentos ministeriales, Organismos autónomos y Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social podrán disponer la adscripción de los puestos de trabajo no singularizados y de los funcionarios titulares de los mismos a otras unidades o centros.

Si la adscripción supusiera cambio de municipio, solamente podrá llevarse a cabo con la conformidad de los titulares de los puestos, sin perjuicio de lo establecido en la disposición adicional quinta de la Ley 22/ 1993, de 29 de diciembre . "

E o artigo 81.2 do TREBEB determina *1. Cada Administración Pública, en el marco de la planificación general de sus recursos humanos, y sin perjuicio del derecho de los*

funcionarios a la movilidad podrá establecer reglas para la ordenación de la movilidad voluntaria de los funcionarios públicos cuando considere que existen sectores prioritarios de la actividad pública con necesidades específicas de efectivos.

2. Las Administraciones Públicas, de manera motivada, podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio o funcionales, a unidades, departamentos u organismos públicos o entidades distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo, modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares. Cuando por motivos excepcionales los planes de ordenación de recursos impliquen cambio de lugar de residencia se dará prioridad a la voluntariedad de los traslados. Los funcionarios tendrán derecho a las indemnizaciones establecidas reglamentariamente para los traslados forzosos."

O artigo 37.2 do TREBEP determina que non está suxeito a negociación colectiva as decisións das Administracións públicas que afecten a suas potestades de organización, salvo que afecten a las condiciones de trabajo de los funcionarios (art. 31.1 y 2.a) del EBEP (SSTS de 27 de mayo de 2009, RJ 2009, 6385 ; 30 de junio de 1997, RJ 1997, 5432 ; 9 de febrero de 2004 RJ 2004, 1400 y 22 mayo 2006 , RJ 2006, 2373). O traslado do posto no implica modificacións retributivas polo que non procede a negociación colectiva.

Respecto a solicitude de creación de novos postos de traballo se ben a RPT e instrumento a través dos cales se crean os postos de traballo cómpre sinalar que o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia esixe que todos os postos de traballo incluídos na RPT deben estar dotados orzamentariamente polo que a creación dos postos solicitados deberá analizarse pola área de RRHH xunto coa tramitación da plantilla presupuestaria con motivo da confección do presuposto 2023. Cabe sinalar que a nova RPT realizada en execución de sentenza 3/22 , en materia de creación de postos ,se limita a creación do postos de Xefe de Normalización Lingüística en virtude de sentenza xudicial e postos correspondente a persoal indefinido por sentenza xudicial por imperativo do artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG). O auto do Xulgado Contencioso administrativo nº2 de data 17.03.2022 ditado en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de CCOO no que dispón " Requírase al Concello de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la Ley 2/2015, de 29 de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los térmi-



Concello de Vigo

nos expostos, baixo el apercibimento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.” e no fundamento de dereito segundo determina “Admitimos que la nueva RPT no introduzca modificaciones en otros aspectos, como los retributivos, tal como se expresa en el informe propuesta, pero debe contemplar la adecuación a la Ley en el aspecto referido a la provisión del puesto de trabajo en toda su dimensión subjetiva”

E por isto polo que procede desestimar alegación respecto da creación de novos postos de traballo e estimar a alegación respecto ao seguinte:

- Reflictar a Área de Xestión Patrimonial e Territorial, código 240.1 os servizos de Patrimonio e Patrimonio Histórico, así como os postos adscritos a ditas unidades
- Reflictar na Área de Xestión Patrimonial e Territorial o posto de administrativo que figura no negociado de Patrimonio co código 2330104.
- Cambio de adscripción do postos de traballo - *arquitecto-tecnico aparelador, adscrito a Area de servizos xerais Codg 440, ao servizo de Patrimonio 240 e xunto co posto traslado do funcionaria (número de persoal 84857),*

Desestimar o resto de alegacións polo motivos anteriormente expostos.

- **MARIA JESUS MAGDALENA VILA (DOC. 220199016)**

A interesada en calidade de Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda solicitan a modificación da RPT inicialmente aprobada o 7 de xullo de 2022 adscribindo unha praza de subalterno/a ao Servizo de Xestión Catastral Delegada (Unidade 503) cedéndose ao Departamento que dispoña a Concellería de Recursos Humanos a praza de auxiliar administrativo/a actualmente vacante e existente no Servizo de Xestión Catastral Delegada.

Xunto coa solicitude achégase solicitude de data 5.11.2021 da titular da Asesoría Xurídica de readscripción de praza de Auxiliar de administración xeral procedente da “dirección de Ingresos-Servizo de Xestión Catastral delegada á Asesoría e readscripción de praza de Subaletrno/a procedente de Asesoría Xurídica á “dirección Xeral de Ingresos-Servizo de Xestión Castratal.

Non obstante segundo documento actualizado da RPT remitido pola área de RRHH de sinatura dixital 8.04.2022, non figura ningún posto de subalterno na Unidade Administrativa de Asesoría Xurídica e por Resolución da concelleira delegada de Xestión Municipal de data 7.03.2022 adscribiuse un auxiliar de administración xeral de novo ingreso a Asesoría Xurídica

Trala solicitude, en data 5.09.2022 a Técnica de Avaliacion e Formación emite informe no que sinala

“Os servizos onde se atopan adscritos postos de ordenanza-porteiro (praza subalterno/a), son os seguintes:

Codg	Unidade	nº	Ocup	Int (P. vac)	Vac	Observacions
201	Conserxeria	14		3	5	OEP Estabilizacion
			4			
				2		OEP Estabilizacion
14	Museos	3	1	1	1	
301	B. social	4	1		3	
332	IMD	1		1		
334	Bibliotecas	3	3			
		25	9	7	9	

Amais atopanse os postos 651 “Ordenanza Porteiro Emao” e 380 Ordenanza Porteiro At publico

Codg	Pos-Codg	Serv	Unidade	nº	Ocup	Vac
380	201		Conserxeria	2	1	1
651	613		EMAO	2	1	1

No caso de considerar a estimación da alegación presentada, baseado nas necesidades manifestadas no escrito (Doc 220197854) que entendese deberá contar con informe favorable do servizo de orixe do posto, poderíase realizar a readscripción solicitada.

En canto a readscripcion do posto de auxiliar administrativo/a vacante, existente no Servizo de Xestión Catastral Delegada, deberase readscribir aqueles servizos peticionarios de persoal de dita categoria.”

O artigo 61 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo , que aprobou o Regulamento Xeral do Ingreso de Personal da Administración, Provisión de Postos e Promoción dispón " 1. Los Departamentos ministeriales, Organismos autónomos y Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social podrán disponer la adscripción de los puestos de trabajo no singularizados y de los funcionarios titulares de los mismos a otras unidades o centros.

Si la adscripción supusiera cambio de municipio, solamente podrá llevarse a cabo con la conformidad de los titulares de los puestos, sin perjuicio de lo establecido en la disposición adicional quinta de la Ley 22/ 1993, de 29 de diciembre . "



Concello de Vigo

E o artigo 81.2 do TREBEB determina *1. Cada Administración Pública, en el marco de la planificación general de sus recursos humanos, y sin perjuicio del derecho de los funcionarios a la movilidad podrá establecer reglas para la ordenación de la movilidad voluntaria de los funcionarios públicos cuando considere que existen sectores prioritarios de la actividad pública con necesidades específicas de efectivos.*

2. Las Administraciones Públicas, de manera motivada, podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio o funcionales, a unidades, departamentos u organismos públicos o entidades distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo, modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares. Cuando por motivos excepcionales los planes de ordenación de recursos impliquen cambio de lugar de residencia se dará prioridad a la voluntariedad de los trasladados. Los funcionarios tendrán derecho a las indemnizaciones establecidas reglamentariamente para los traslados forzosos."

E por isto polo que procede a desestimación da alegación en tanto que non habendo posto de subalterno na asesoría xurídica e non se achega informe de necesidade de servizos.o

- **LUIS ALBERTO RIOBO VEIGA (DOC. 220200115)**

O Sr. Luis Alberto Riobo Veiga solicita a a corrección da denominación do posto de traballo " recollendo a nomenclatura de "Asesor/a jurídico/a", no apartado de "Formación Específica" a mención "con conocimientos o experiencia en extranjería" e recollelo como Tipo de Posto "Singularizado"

A STSXG 17.03.2011 declara persoal indefinido a Luis Alberto Riobo Veiga como licenciado en dereito. A nova RPT do ano 2022 crea conforme o establecido artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG) o posto de licenciado en dereito adscrito a área de Benestar. Dito posto está asociado a praza incluída na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo aprobada en data 31.05.022 en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas (artigo 2 e disposición adicional sexta). Dito posto se crea como como persoal laboral seguindo a doutrina xurisprudencial fixada en STS de data 28 de marzo de 2019 en recurso 2123/2017

O interesado solicita que se equipare o posto como "asesor Xurídico" considerando que as *"labores principales del puesto de trabajo son las de asesoramiento jurídico, por lo que la denominación de licenciado en derecho no casa con las funciones a desempeñar sino que estas son las propias de un **asesor jurídico**, puesto éste que se corresponde con la de una titulación en concreto: la que se dijo de licenciado en de-*

recho.

O lo que es lo mismo: como es sabido, no puede ser asesor jurídico quien no posea la licenciatura en derecho.”

A guía de funcións atribúe ao posto de asesor xurídico funcións da súa competencia, de acordo coa propia natureza do posto de traballo e a área e servizo ao que pertence, así como de acordo a súa titulación e especialidade profesional, respectando o marco regulamentario e normativo aplicable e o código deontolóxico, de ser o caso e, entre outras, asumir o asesoramento xurídico á Corporación do Concello de Vigo e aos órganos da Administración municipal que o precisen en cada caso. O posto de asesor/a xurídica previsto na RPT está reservado á persoal funcionario en base ao disposto no artigo 92 “2. *Con carácter general, los puestos de trabajo en la Administración local y sus Organismos Autónomos serán desempeñados por personal funcionario.*

3. Corresponde exclusivamente a los funcionarios de carrera al servicio de la Administración local el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales. Igualmente son funciones públicas, cuyo cumplimiento queda reservado a funcionarios de carrera, las que impliquen ejercicio de autoridad, y en general, aquellas que en desarrollo de la presente Ley, se reserven a los funcionarios para la mejor garantía de la objetividad, imparcialidad e independencia en el ejercicio de la función.”

O artigo 59 [do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo](#), dispón “(...) Los funcionarios que ocupen con carácter definitivo puestos no singularizados podrán ser adscritos, por necesidades del servicio, a otros de la misma naturaleza, nivel de complemento de destino y complemento específico, siempre que para la provisión de los referidos puestos esté previsto el mismo procedimiento y sin que ello suponga cambio de municipio.(...).

Define los puestos no singularizados como:

(...) Son puestos no singularizados aquellos que no se individualizan o distinguen de los restantes puestos de trabajo en las correspondientes relaciones. “

O Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de Valladolid, en Sentenza 1179/2019 de 10 Oct. 2019, Rec. 126/2019 “ *Los puestos de carácter singularizado, como se desprende del artículo 59.1 del Reglamento de Ingreso antes citado, son aquellos que tienen caracteres propios específicos, en forma tal que por las funciones que les están encomendadas contienen una especificidad competencial claramente diferenciada del resto de los puestos, en tanto que no puede entenderse que dichas funciones son intercambiables.”*

E o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña en sentenza [347/2017](#) de 19 May. 2017, Rec. 306/2015 determina “ *O art. 59 el Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo , que regula la redistribución de efectivos establece que son puestos no singularizados “*



Concello de Vigo

aquellos que no se individualizan o distinguen de los restantes puestos de trabajo en las correspondientes relaciones ". Es decir, que el carácter singularizado o no del puesto de trabajo no deriva de las funciones que tiene asignadas el funcionario (en el momento de la reclasificación que ahora se impugna el recurrente realizaba las funciones que se relacionarán más adelante, según doc. aportado por el actor con la demanda y prueba documental pública) sino de la individualización o distinción de los restantes puestos de trabajo (según valoración del órgano competente para la aprobación o modificación de la RPT)."

Na área de Benestar- Xefatura de Acción Social existe un posto de asesor xurídico adxunto con mesmo CE que o posto de licenciado en dereito e titulación 6 calificado como postonon singularizado. Así mesmo no servizo de igualdade consta posto de asesoría xurídica respecto do cal se esixe a titulación 6 e clasificado como posto non singularizado.

O artigo 44 LEPG determina "1. O persoal laboral incluído no ámbito de aplicación desta lei clasificarase de conformidade coa lexislación laboral e o respectivo convenio colectivo. " Neste senso a sentenza do XDO. DO SOCIAL N. 5 de VIGO en el procedemento DESPIDO/CESES EN GENERAL 279/2017 ratificada por sentenza do TSXG de data 7.12.2018 recolle como feito probado que o Sr. Riobo presta os sesu servizo na categoría de licenciado en dereito. A RPT, por tanto, reflicte o posto de traballo na categoría profesional determinada por sentenza xudicial polo que procede desestimar a alegación neste punto.

O interesado solicita que se esixa formación específica en materia de extranxería en base ao disposto no artigo 4.2 do Decreto da Xunta de Galicia 61/2016 e as bases de selección. Efectivamente dito decreto no seu artigo 4 estrutura a Carteira de servizos sociais de inclusión en dúas áreas: área de servizos e área de prestacións económicas e dentro da área de servizo de prevención e primeira atención inclúese o servizo de asesoramento técnico especializado destinado a proporcionar información en materias de diversa índole que requiren un coñecemento especializado (estranxeiría, dereito familiar, abordaxe da violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos, etc. Polo que procede a desestimación da alegación e en consecuencia non procede clasificar o posto como singularizado en tanto que ao esixir como titulación 6 non se distinguen dos

- **IRIA ALVAREZ OUTEIRO (DOC. 220200367)**

A Sra. Iria Álvarez Outeiro solicita a a corrección da denominación do posto de traballo recollendo no apartado de "Formación Específica" a mención "con coñecimentos ou experiencia en extranjería"

A STSXG 17.03.2011 declara persoal a Iria Alvarez Outeiro como traballadora social. A nova RPT do ano 2022 crea conforme o establecido artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG) o posto de licenciado en dereito adscrito a área de Benes-

tar. Dito posto está asociado a praza incluída na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo aprobada en data 31.05.022 en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas (artigo 2 e disposición adicional sexta). Dito posto se crea como como persoal laboral seguindo a doutrina xurisprudencial fixada en STS de data 28 de marzo de 2019 en recurso 2123/2017

O interesado solicita que se esixa formación específica en materia de extranxería en base ao disposto no artigo 4.2 do Decreto da Xunta de Galicia 61/2016 e as bases de selección. Efectivamente dito decreto no seu artigo 4 estrutura a Carteira de servizos sociais de inclusión en dúas áreas: área de servizos e área de prestacións económicas e dentro da área de servizo de prevención e primeira atención inclúese o servizo de asesoramento técnico especializado destinado a proporcionar información en materias de diversa índole que requiren un coñecemento especializado (estranxeiría, dereito familiar, abordaxe da violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos, etc.) Conforme o Decreto considérase que a titulación esixible abrangue os coñecementos suficiente para o desenvolvemento do posto de traballo de diplomado de traballo social polo que procede a desestimación da alegación.

- **RAMON VAZQUEZ MARTINEZ (DOC. 220201742)**

O Sr. Ramón Vázquez Martínez solicita a modificación retributiva dos complementos de destino 20 a 22 e específico de 88 a 92 do posto RTB 253” encargado de instalacións culturais” definido no documento de aprobación inicial de referencia 3280208 ao considerar que a través da guía de función se lle incrementaron as funcións.

A guía de funcións que se incorpora á RPT 2022 corresponde coa “*Guía de funcións de 2020 remitida ao Consello de Contas (expte. 35940-220) como documento nº1, ao ser a última versión actualizada disponible*”, segundo indica a técnica de administración Xeral na memoria descritiva de actuacións asinada en data 8.04.2022 (documento 220071989). No expediente de aprobación da nova RPT 2022 non se modificou dito documento polo cal non procede modificar a valoración de postos. A aprobación da guía de funcións ten por obxecto a integración do documento no expediente da RPT postos que en base as mesmas procede determinar a estrutura, clasificación e complemento específico.

O RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local determina

“Artículo 3.º Complemento de destino.



Concello de Vigo

1. Los intervalos de los niveles de puestos de trabajo de los funcionarios de Administración Local serán los que en cada momento se establezcan para los funcionarios de la Administración del Estado.

2. Dentro de los límites máximo y mínimo señalados, el Pleno de la Corporación asignará nivel a cada puesto de trabajo atendiendo a criterios de especialización, responsabilidad, competencia y mando, así como a la complejidad territorial y funcional de los servicios en que esté situado el puesto.”

E artigo 4 «1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.

2. El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo».

E por isto que a modificación do complemento de destino e específico require previamente que se efectúe unha valoración do posto de traballo.

A nova RPT correspondente ao ano 2022 realizada non afecta as retribucións nin funcións se refire que continuará o proceso que non é obxecto desta modificación. Neste senso o auto do Xulgado Contencioso administrativo nº2 de data 17.03.2022 ditado en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de CCOO no que dispón “ Requírase al Concello de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la LEY 2/2015, de 29 de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los términos expuestos, bajo el apercibimiento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.” e no fundamento de dereito segundo deter mina “Admitimos que la nueva RPT no introduzca modificaciones en otros aspectos, como los retributivos, tal como se expresa en el informe propuesta, pero debe contemplar la adecuación a la Ley en el aspecto referido a la provisión del puesto de trabajo en toda su dimensión subjetiva.”

E por isto que procede a desestimación da alegación presentada.

JOSE MANUEL GONZALEZ UCHA (DOC. 220202131)

O interesado solicita que con motivo da das modificación operadas na transformación das oficinas e de rexistro en Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro se modifique a RPT no seguinte

- 1) Incluir o posto de Xefe de Negociado de Información e Atención ao Público na guía de funcións
- 2) Que se equipare as miñas retribucións como Xefe de Negociado de Información e Atención ao Público da OAR (Grupo C1) ás do Xefe de Oficina de Rexistro Xeral da OAR (Grupo C1).
- 3) Incremento de retribucións do persoal da OAR, como consecuencia da maior complexidade, volume e responsabilidades das funcións desempeñadas.

A guía de funcións que se incorpora á RPT 2022 corresponde coa “*Guía de funcións de 2020 remitida ao Consello de Contas (expte. 35940-220) como documento nº1, ao ser a última versión actualizada disponible*”, segundo indica a técnica de administración Xeral na memoria descritiva de actuacións asinada en data 8.04.2022 (documento 220071989). No expediente de aprobación da nova RPT 2022 non se modificou dito documento polo cal non procede modificar a valoración de postos. A aprobación da guía de funcións ten por obxecto a integración do documento no expediente da RPT postos que en base as mesmas procede determinar a estrutura, clasificación e complemento específico.

O RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local determina no seu artigo 4 «1. *El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.*

2. El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo».

E por isto que a modificación do complemento específico require previamente que se efectúe unha valoración do posto de traballo. Y esa valoración debe realizarse de conformidade con los criterios indicados en el apartado 1.

A nova RPT correspondente ao ano 2022 realizada en execución de sentenza non afecta as retribucións nin funcións se refire que continuará o proceso que non é obxecto desta modificación. Neste senso o auto do Xulgado Contencioso administrativo nº2 de data 17.03.2022 ditado en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de CCOO no que dispón “ *Requírase al Concello*



Concello de Vigo

de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la LEY 2/2015, de 29 de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los términos expuestos, bajo el apercibimiento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.” e no fundamento de dereito segundo deter mina “Admitimos que la nueva RPT no introduzca modificaciones en otros aspectos, como los retributivos, tal como se expresa en el informe propuesta, pero debe contemplar la adecuación a la Ley en el aspecto referido a la provisión del puesto de trabajo en toda su dimensión subjetiva.”

E por isto que procede a desestimación da alegación presentada.

- **XOSE VICENTE COMESAÑA TRIGO (DOC. 220202229)**

O interesado solicita a revisión e actualización das funcións atribuídas ao posto de Xefatura do Rexistro Xeral con motivo das modificación operadas na transformación das oficinas e de rexistro en Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (lei 39/2015, do 1 de outubro) de e revisión do complemento específico.

O RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local determina no seu artigo 4 «1. *El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.*

2. *El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo».*

E por isto que a modificación do complemento específico require previamente que se efectúe unha valoración do posto de traballo.

A nova RPT correspondente ao ano 2022 realizada en execución de sentenza non afecta as retribucións nin funcións se refire que continuará o proceso que non é obxecto desta modificación. Neste senso o auto do Xulgado Contencioso administrativo nº2 de data 17.03.2022 ditado en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de CCOO no que dispón “ *Requírase al Concello de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe*

propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la LEY 2/2015, de 29 de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los términos expuestos, bajo el apercibimiento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.” e no fundamento de dereito segundo deter mina “Admitimos que la nueva RPT no introduzca modificaciones en otros aspectos, como los retributivos, tal como se expresa en el informe propuesta, pero debe contemplar la adecuación a la Ley en el aspecto referido a la provisión del puesto de trabajo en toda su dimensión subjetiva.”

E por isto que procede a desestimación da alegación presentada.

- **JOSE JOAQUIN BALLESTA DE DIEGO(DOC. 220202233)**

O interesado que ostenta o posto de Director do Museo municipal “Quiñones de León” presenta alegacións na que solicita que se modifique o seu complemento específico pasando do 680 que figura ao 650 e que para o posto DIRECTOR DO MUSEO se modifique a titulación esixida; incluíndose a de “Grao en historia da arte ou equivalente” (25); e eliminándose outras sen relación algunha coas funcións do posto como a de “Psicoloxía ou equivalente” (13).

En relación a modificación do complemento específico o artigo [do RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios de Administración Local](#) determina

«1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.

2. El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo».

E por isto que a modificación do complemento específico require previamente que se efectúe unha valoración do posto de traballo. A guía de funcións que se incorpora á RPT 2022 corresponde coa “Guía de funcións de 2020 remitida ao Consello de Contas (expte. 35940-220) como documento nº1, ao ser a última versión actualizada disponible”, segundo indica a técnica de administración Xeral na memoria descriptiva de actuacións asinada en data 8.04.2022 (documento 220071989). No expediente de aprobación da nova RPT 2022 non se modificou dito documento polo cal non procede modificar a valoración de postos.

A nova RPT correspondente ao ano 2022 realizada en execución de sentenza non



Concello de Vigo

afecta as retribucións nin funcións se refire que continuará o proceso que non é obxecto desta modificación. Neste senso o auto do Xulgado Contencioso administrativo nº2 de data 17.03.2022 ditado en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de CCOO no que dispón “ *Requírase al Concello de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la LEY 2/2015, de 29 de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los términos expuestos, bajo el apercibimiento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.” e no fundamento de dereito segundo deter mina “Admitimos que la nueva RPT no introduzca modificaciones en otros aspectos, como los retributivos, tal como se expresa en el informe propuesta, pero debe contemplar la adecuación a la Ley en el aspecto referido a la provisión del puesto de trabajo en toda su dimensión subjetiva.”*

E por isto que procede a desestimación da alegación neste punto.

Respecto a eliminación da titulación esixida de “psicoloxía ou equivalente (13)” do posto de traballo de Director do Museo. O artigo 170.1 do TRRL determina “1. *Tendrán la consideración de funcionarios de Administración Especial los que tengan atribuido el desempeño de las funciones que constituyen el objeto peculiar de una carrera, profesión, arte u oficio.*” e o artigo 171.1 de dito texto legal dispón” *Pertenecerán a la Subescala Técnica de Administración Especial, los funcionarios que desarrollen tareas que son objeto de una carrera para cuyo ejercicio exigen las leyes estar en posesión de determinados títulos académicos o profesionales.*

En atención al carácter y nivel del título exigido, dichos funcionarios se dividen en Técnicos Superiores, Medios y Auxiliares, y, a su vez, cada clase podrá comprender distintas ramas y especialidades.”

E por isto que o Concello dentro da súa potestade de organización para determinar se un posto pode ser adscrito a administración xeral ou especial haberá que analizar o contido funcional do posto de traballo de xeito que se as súas funcións poden legalmente ser desempeñadas por calquera funcionario ao ser de contido principalmente de xestión e non resulte necesaria unha titulación específica para a súa desempeño, corresponde adscribilo ao ámbito da administración xeral.

Neste senso a Sentenza número 549/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 19.12.2018 en recurso de apelación “*Es verdad que la Administración pueda admitir libremente cualquier titulación para el desempeño de los puestos de trabajo pertenecientes a la escala de administración especial. Pero este requisito quedará condicionado por la naturaleza y las funciones a desempeñar en los puestos de trabajo de que se trate. Y si aquí entra en juego el poder con el que cuenta la Administración Pública, dentro del denominado poder de autoorganización, para determinar las titulaciones que considere idóneas para el desempeño de las*

funciones asignadas a los cuerpos y escalas en relación con los cometidos propios de los puestos de trabajo que se trate de cubrir, este poder está limitado, primero por el deber de motivación que excluya toda arbitrariedad en la decisión, y segundo por el respeto del principio de libertad de acceso con idoneidad.

En el análisis de la cuestión relativa a las titulaciones exigidas para el desempeño de un puesto de trabajo, lo relevante es la naturaleza de las funciones a desempeñar, pues constituyen un elemento de especial consideración a la hora de elegir la titulación adecuada para su desempeño.

Precisamente el distinto contenido funcional de los puestos de trabajo, y en particular, el contenido más técnico y profesional de determinados puestos de trabajo que exigen como requisito para su desempeño una/s determinada/s titulación/es, es lo que justifica que se agrupen en diferentes Cuerpos y Escalas, y es por tanto, lo que justifica que se distinga entre cuerpos de Administración general y cuerpos de Administración especial.

A vista das funcións atribuídas ao posto de Director de Museo relacionadas coa actividade museísticas a vista directrices xerais e propias dos plans de estudos que deben cursarse para a súa obtención e homologación e que se conte en el anexo do Real Decreto 1428/1990, de 26 de outubro, considerase que a titulación de psicología non reúne o requisito de idoneidade para o desempeño do posto de traballo de Director de Museo polo que se estima a alegación presentada neste punto

- **CARLA CANDIA PAZ (DOC. 220202260)**

A interesada, en calidade de Xefa do de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local presenta escrito de alegacións no que sinala:

- O Anexo I do acordo reflicte a desaparición de 1 praza de Administrativo de Administración Xeral C1 na Oficina Municipal de Voluntariado, sen que no corpo do acordo se xustifique a súa amortización.

- O Anexo I do acordo reflicte a desaparición de 1 praza de Auxiliar de Administración Xeral C2 e de, alomenos, 1 praza de Administrativo de Administración Xeral C1 na Oficina de Participación Cidadá, sen que no corpo do acordo se xustifique a súa amortización.

- A relación de sentenzas e persoas recollida no apartado “ 5.- Persoal indefinido”, non reflicte a totalidade dos efectivos adscritos a Desenvolvemento Local e Emprego.

- Advírtese que o número de efectivos de persoal indefinido que constan na proposta de RPT no Anexo I do acordo, tanto en Participación Cidadá coma en Desenvolvemento Local e Emprego, é superior ao que na actualidade presta servizo efectivo nestas respectivas dependencias (logo das resolucións de adscricións voluntarias tramitadas pola área de RRHH e Formación).



Concello de Vigo

Trala solicitude de informe, en data a técnica de avaliación e RRHH determina

“Na unidade organizativa 236 “Oficina Voluntariado”, atopase adscrito unicamente un posto Codg 240 “Oficial Desinfector”, toda vez que na aprobación dos orzamentos do ano 2022, amortízase unha praza e posto de Auxiliar, cód. 138, vacante e adscrito a dita oficina.

Na oficina de voluntariado non figura adscrito ningún posto de Administrativo, dende o 30/09/2019, data da readscripción do posto e praza ao que se atopaba adscrita a funcionaria con NP 15941 ao Codg 101 Gabinete de Alcaldía.

En referencia aos postos adscritos ao servizo 320 Participación cidadá:

Na aprobación dos orzamentos do ano 2022, amortízase unha praza e posto de Auxiliar, cód. 138, vacante e adscrito a dita oficina.

En expte 38846-220 readscribíse unha praza e posto de administrativo a codg 515 Neg. Imposto Vehículos.

Como consecuencia da aprobación pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/05/2022, da OEP para a estabilización do emprego temporal (expte 39998-220), a relación de postos adscritos aos servizos Cod 108 e 320 son os seguintes:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	REL. EMPREGO	DENOMINACIÓN POSTO	GR	OBS.	DOT
108 DESN.LOCAL E EMPREGO	01	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	A1		2
	01	ARQUITECTO/A TÉCNICO/APARELLADOR	A2		1
	02	TÉCNICO SUPERIOR DIRECTOR/A	A1	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	1
	02	TÉCNICO SUPERIOR /COORDINADOR/RA PLAN EMPREGO MUNICIPAL	A1	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	1
	02	TÉCNICO/A MEDIO SERVICIOS ECONÓMICOS-	A2	laboral indefinido- Técnico medio-administradora programa útil	1
	01	TÉCNICO/A XESTIÓN	A2		1
	02	TECNICO/A MEDIO/A (TITOR PROGRAMA UTIL)	A2	Laboral indefinido por sentenza xudicial (titor/a programa útil)	1
	02	TÉCNICO/A MEDIO	A2	laboral indefinido por sentenza xudicial	1
	02	TECNICO/A ORIENTADOR LABORAL	A2	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	6
	02	ARQUITECTO/A TÉCNICO/APARELLADOR (técnico/a medio responsable de obras Programa útil	A2	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	1

UNIDADE ADMINISTRATIVA	REL. EMPREGO	DENOMINACIÓN POSTO	GR	OBS.	DOT
	02	ENCARGADO RESPONSABLE BIAL	C1	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	1
	01	ADMINISTRATIVO/A	C1		1
	01	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2		
	02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	1
320 - PARTICIPACIÓN CIDADADA	01	XEFE/A PARTICIPACIÓN CIDADADA E DESENVOL.LOCAL	A1/A2		1
	01	XEFE/A NEGOCIADO	C1		1
	01	ADMINISTRATIVO/A	C1		1
	02	ADMINISTRATIVO	C1	Persoal laboral indefinido por sentenza xudicial	3

Respecto a amortización do posto de Auxiliar - cód. 138 - vacante e adscrito a oficina de Voluntariado cabe sinalar que o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia esixe que todos os postos de traballo incluídos na RPT deben estar dotados orzamentariamente de xeito que trala amortización da praza a través do orzamento 2022 procede adaptar a estrutura organizativa do servizo a relación de postos aos efectos de garantir a dotación económica dos postos.

A vista do informe da técnica de formación e avaliación e resolución de data 5.09.2022 se reflicte un posto de arquitecto técnico/aparellador funcionario (xa contemplado na anterior RPT) e creación do posto de arquitecto técnico/aparellador (laboral) creado por sentenza xudicial

Respecto a relación de postos correspondentes a persoal laboral indefinido adscritos ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego cómpre sinalar os postos reflectidos na proposta en cumprimento do artigo 28 da LEPG traen causa da oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo aprobada en data 31.05.2022 en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas e sen prexuízo de posteriores que a quen subscribe o presente informe non lle constan. A alegación fórmulase de forma xenérica e non concreta nin achega documentación xustificativa que motive un cambio na proposta. E por isto polo que procede a súa desestimación.

Estimar parcialmente a alegación e reflectir na RPT dos postos de arquitecto técnico/aparellador, un como funcionario e outro como laboral.

- **MARIA JOSE LOUREIRO BADA (DOC. 22202277)**

A interesada, Xefa do servizo de Educación presenta escrito no que sinala que faltan por incluír na mesma os seguintes postos



Concello de Vigo

332- EDUCACIÓN:

Na nova RPT aparecen 27 oficiais de instalacións municipais, 1 auxiliar de servizos internos e 8 vixiantes de instalacións municipais. O Concello de Vigo ten que atender a 43 CEIPS (centros de educación infantil e primaria) e 4 escolas infantís de 3 a 6 anos. Faltan nesta RPT 11 postos de oficiais de instalacións municipais para atender a tódolos centros educativos que deberían contar cun posto desta categoría.

613-EMAO:

-Na relación non aparece o posto de "Auxiliar biblioteca EMAO". Dada a importancia da biblioteca este posto resulta imprescindible unha adecuada xestión dos fondos bibliográficos.

- Recóllense dous (2) postos de ordenanza. A Escola é un centro con dous edificios grandes que abre pola mañá e pola tarde sendo imprescindible un número mínimo de 3 ordenanzas para o seu funcionamento.

Trala solicitude de informe a Area de RRHH e Formación, en data 5.09.2022 na que sinala que alegacións efectuadas polo servizo de Educación correspondente coa creación de novas prazas e conseguintemente os postos asociados, non sendo obxecto de alegación a RPT senón de creación das mesmas nos orzamentos municipais, ao obxecto de dispor da necesaria dotación económica das prazas asociadas aos postos dos que se solicita a creación.

Neste punto cómpre sinalar que se ben a RPT e instrumento a través dos cales se crean os postos de traballo cómpre sinalar que o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia esixe que todos os postos de traballo incluídos na RPT deben estar dotados orzamentariamente polo que a creación dos postos solicitados deberá analizarse pola área de RRHH xunto coa tramitación da plantilla presupuestaria con motivo da confección do presuposto 2023. Cabe sinalar que a nova RPT realizada en execución de sentenza 3/22, en materia de creación de postos, se limita a creación do posto de Xefe de Normalización Lingüística en virtude de sentenza xudicial e postos correspondente a persoal indefinido por sentenza xudicial por imperativo do artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG). O auto do Xulgado Contencioso administrativo nº2 de data 17.03.2022 ditado en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de CCOO no que dispón " *Requírase al Concello de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la Ley 2/2015, de 29*

de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los términos expuestos, bajo el apercibimiento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.” e no fundamento de dereito segundo determina “Admitimos que la nueva RPT no introduzca modificaciones en otros aspectos, como los retributivos, tal como se expresa en el informe propuesta, pero debe contemplar la adecuación a la Ley en el aspecto referido a la provisión del puesto de trabajo en toda su dimensión subjetiva”

E por isto polo que procede desestimar alegación.

- **OSCAR COUCE SENRA (DOC. 220202356)**

Por parte da Área de Fomento e Servizos solicítase a inclusión do código 75 nas titulacións de acceso ao posto de traballo código 443.01.01- Xefe/a Oficina Supervisión Proxectos Inspección Técnica Obras e Asistencia Técnica Municipal. Concretamente considérase que se produce unha incongruencia de ser válida a titulación 42 (diplomado en arquitectura ou equivalente) titulación inexistente tanto nas titulacións posteriores ao Plan Bolonia, como nas anteriores. O código que define a titulación de arquitecto/a dun xeito correcto, titulación sen dúbida adecuada para o posto é o código 75 (arquitecto superior ou equivalente).

O artigo 170.1 do TRRL determina “1. *Tendrán la consideración de funcionarios de Administración Especial los que tengan atribuido el desempeño de las funciones que constituyen el objeto peculiar de una carrera, profesión, arte u oficio.*” e o artigo 171.1 de dito texto legal dispón “*Pertenecerán a la Subescala Técnica de Administración Especial, los funcionarios que desarrollen tareas que son objeto de una carrera para cuyo ejercicio exigen las leyes estar en posesión de determinados títulos académicos o profesionales.*”

En atención al carácter y nivel del título exigido, dichos funcionarios se dividen en Técnicos Superiores, Medios y Auxiliares, y, a su vez, cada clase podrá comprender distintas ramas y especialidades.”

E por isto que o Concello dentro da súa potestade de organización para determinar se un posto pode ser adscrito a administración xeral ou especial haberá que analizar o contido funcional do posto de traballo de xeito que se as súas funcións poden legalmente ser desempeñadas por calquera funcionario ao ser de contido principalmente de xestión e non resulte necesaria unha titulación específica para a súa desempeño, corresponde adscribilo ao ámbito da administración xeral.

Neste senso a Sentenza número 549/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 19.12.2018 en recurso de apelación “*Es verdad que la Administración pueda admitir libremente cualquier titulación para el desempeño de los puestos de trabajo pertenecientes a la escala de administración especial. Pero este requisito quedará condicionado por la naturaleza y las funciones a desempeñar en los puestos de*



Concello de Vigo

trabajo de que se trate. Y si aquí entra en juego el poder con el que cuenta la Administración Pública, dentro del denominado poder de autoorganización, para determinar las titulaciones que considere idóneas para el desempeño de las funciones asignadas a los cuerpos y escalas en relación con los cometidos propios de los puestos de trabajo que se trate de cubrir, este poder está limitado, primero por el deber de motivación que excluya toda arbitrariedad en la decisión, y segundo por el respeto del principio de libertad de acceso con idoneidad.

En el análisis de la cuestión relativa a las titulaciones exigidas para el desempeño de un puesto de trabajo, lo relevante es la naturaleza de las funciones a desempeñar, pues constituyen un elemento de especial consideración a la hora de elegir la titulación adecuada para su desempeño.

Precisamente el distinto contenido funcional de los puestos de trabajo, y en particular, el contenido más técnico y profesional de determinados puestos de trabajo que exigen como requisito para su desempeño una/s determinada/s titulación/es, es lo que justifica que se agrupen en diferentes Cuerpos y Escalas, y es por tanto, lo que justifica que se distinga entre cuerpos de Administración general y cuerpos de Administración especial.”

Dado que o posto está clasificado como grupo A1/A2 pertencente a Escala de Administración Xeral polo que en tanto que se recolle como como titulación de acceso e relacionado coas funcións a desenvolver a titulación 43- diplomado en arquitectura procede estimar a alegación e recoller o código 75- arquitecto superior ou equivalente como titulación ao acceso de traballo código 443.01.01- Xefe/a Oficina Supervisión Proxectos Inspección Técnica Obras e Asistencia Técnica Municipal. Estímase a alegación.

- **MARTA CASTILLO DEL FERNANDEZ-PACHECO (CIG) DOC. 220203370.**

A interesada presenta alegación en representación da CIG. A vista da data de entrada do escrito no rexistro electrónico, 18 de agosto, procede a súa inadmisión xa que o prazo de alegacións rematou en data 17.08.2022.

TERCEIRO.- DA RELACIÓN DA NOVA RELACION DE POSTOS DO CONCELLO DE VIGO.-

Propónse a aprobación dunha nova relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 co seguinte alcance

1.- Actualización da RPT publicada no BOP PO de data 7.06.2017 segundo informe da Técnica de avaliación e Formación de RR.HH “Dende o ano 2017 foron aprobadas as seguintes modificacións puntuais da RPT:

- Expte. 34462-220 “Rectificación erro no expediente nº 29473/220 (“Actualización de datos da Área de RRHH e Formación insertados no portal de transparencia).

- Expte. 37141-220 *“Modificación Relativa ao posto Codg Rtb 269 “Xefe/a Festas”, en canto aos requisitos de titulación do posto.*
- Expte. 32837-220.-*“Proposta Fondo de Adecuación año 2018”*
- Expte. 33981-220 *“Modificacións Puntuais RPT. Fondo Adecuación 2019*

Pola súa banda, o Pleno do Concello, aprobou os orzamentos para os anos 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, tanto para o Concello como do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, cos resúmenes por capítulos, así como os estados consolidados dos mesmos, que foron publicados nos Boletín Oficial da Provincia.”

Respecto as características dos postos estarase ao disposto na RPT aprobada no ano 2010 e a súas modificacións aprobadas con posterioridade.

2.- Corrección de erros no documento da RPT

2.1. Postos de Xefaturas

Segundo informe da técnica de formación e avaliación *“Con carácter xeral os postos dos grupos A de titulación, con complemento de destino 26 e correspondentes a xefaturas corríxese nos casos nos que se detecta erro, establecéndose como Grupo de titulación A1/A2, e código de titulacións esixidas 1-2.”* Así mesmo o *informe administrativo de data 13.04.2021 << 1.- Postos dos grupos A de titulación, con complemento de destino 26 e correspondentes a xefaturas: No momento da elaboración do documento actualizado de RPT do ano 2017 estableceuse como criterio xeral que os postos dos grupos A de titulación, con complemento de destino 26 e correspondentes a xefaturas, deben figurar como grupo A1/A2 e código de titulacións 1-2. Deste modo, entre outros, os seguintes postos figuran correctamente na RPT de 2017: Xefe/a Departamento Administrativo Alcaldía, Xefe/a Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, Xefe/a Electromecánicos, Xefe/a Estatística, Xefe/a igualdade, etc.*

Seguindo este criterio xeral, e ao obxecto de homoxeneizar postos das mesmas características, procede modificar erros puntuais. Por exemplo, no caso dos postos Xefe/a Relacións Fomento do Emprego e Xefe/a Patrimonio Histórico.>>

A falta de maior aclaración, enténdese que o criterio da área de RRHH e Formación é que os postos de Xefaturas con complemento de destino 26 encadradas no grupo A con carácter poden ser desempeñados indistintamente por persoal empregado público encadrado no subgrupo A1/A2 con titulación 1/2. En base ao mesmo procede a revisión de ditos postos detectando os seguintes erros/incoherencias que motivan a súa corrección na RPT que se propón e sen prexuízo da posterior aclaración e do que resulte da negociación colectiva no marco do obxecto do expediente que non en outro que a redacción dunha nova RPT na que se modifiquen o sistema de provisión de postos de traballo conforme a LEPG. Revisados os postos formuláanse as seguintes



Concello de Vigo

consideracións

Xefe/ a relacións de fomento do emprego . Dito posto non consta na RPT publicada no BOP 16.11.2010. Respecto a RPT publicada 7.06.2017 consta que dito posto está clasificado como grupo A2 e titulación académica 1 (grao ou equivalente) e 2 (Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente.) Así mesmo segundo informe da Técnica de avaliación e formación de data 14.08.2019 emitido en expediente 34560-220 << *Infórmase que o posto Codg Rtb 183 "Xefe Relacións Fomento Emprego" atopase vacante dende o 15/06/2019, por atoparse a súa titular en situación administrativa de servizos especiais dende o 14/06/2019 por Resolución da mesma data.*

O posto encadrase nos Grupos A1/A2, Administración especial ou xeral con CD 26 e CE 650, titulación Codg 2 (Diplomado ou equivalente)."

Neste senso o artigo 76 do TREBEB << *Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:*

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.>>

Non obstante a Disposición transitoria terceira do mesmo texto legal determina << *1. Hasta tanto no se generalice la implantación de los nuevos títulos universitarios a que se refiere el artículo 76, para el acceso a la función pública seguirán siendo válidos los títulos universitarios oficiales vigentes a la entrada en vigor de este Estatuto.*

2. Transitoriamente, los Grupos de clasificación existentes a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, se integrarán en los Grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos en el artículo 76, de acuerdo con las siguientes equivalencias:

Grupo A: Subgrupo A1.

Grupo B: Subgrupo A2."

Polo exposto no documento de actualización da RPT publicada en 17.06.2017 apréciase unha incoherencia na clasificación do posto en tanto que a esixencia dunha titulación 1 (Grao ou equivalente) require que o posto se encadre no grupo A1.

Xefe/a de Patrimonio Histórico.- Dito posto consta na RPT publicada no BOP 16.11.2010 clasificado como grupo A1 e titulación 1 e na RPT publicada en data 7.06.2017 consta que dito posto está clasificado como grupo A1/A2 e titulación académica 1 (grao ou equivalente) omtindo o código 2 de titulación (Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente) polo que segundo o o criterio da área de RRHH e Formación se o posto clasificado nos grupos A1/A2 deberase establecer como titulación A1-A2 polo que se aprecia un erro/Incoherencia no documento de actualización da RPT publicada en 17.06.2017.

Así mesmo procede a corrección na clasificación do posto de Xefe de Comercio. Na RPT publicada no BOP 16.11.2010 figura o posto de Xefe de Turismo e Comercio clasificado como grupo A1/A2 e titulación 1/2.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2016 adoptou acordo polo que se creou o Servizo (Departamento) de Comercio, cód. 106, partida funcional 430.0.

Na Rpt 2017 omítese a información respecto ao grupo e CP/SBE/CI e sinaláse titulación académica 2.

Segundo o criterio da área de RRHH e Formación e conforme a RPT 2010 procede clasificar o posto como A1/A2, titulación 1/2.

2.2. Singularización dos postos

O informe da Técnica de Formación e Avaliación propón a corrección que afecta aos postos de auxiliar alcaldía, programador de sistemas, Técnico/a actividades sociais, Técnico/a prevención de riscos, oficial de intendencia da Policía Local, Oficial xefe EVAP, Policía Evap, Oficial servizos internos, xefe equipo Oficinas, Postos Ordenanza atención portelo, auxiliar portelo e administrativo portelo.

A falta de aclaración e a vista da nomenclatura da RPT enténdense que a singularización dos postos a “atención portelo- auxiliar portelo-administrativo portelo” se refire os postos de ordenanza atención público ventanilla e auxiliar/administrativo atención ventanilla. Non se formulan observacións respecto a clasificación dos postos como singularizados ou non en tanto que corresponde a área de RRHH a súa determinación de acordo coa normativa de aplicación.

2.3. Titulacións

Segundo a técnica de Formación e a avaliación procedeuse a corrección da titulación dos seguintes postos : Técnico/a mantemento admón. Electrónica figuraba por erro co código de titulación 4, sendo o correcto o código 3, postos Delineante que deben figurar coa titulación 62; Auxiliar de arquivo, titulación 2; técnico admón xeral – título de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esixidas



Concello de Vigo

no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; Oficial de limpeza, código titulación 4, Inspector Auxiliar de servizos, código titulación 4.

Aclárase que ao posto de auxiliar de arquivo (C2) lle corresponde a titulación 4 (Graduado, escolar FP1 ou equivalente) xa que na RPT 2017 figura titulación 5 (Certificado de escolaridade).

Así mesmo segundo informe administrativo de data 13.04.2022 queda aclarexado as modificacións do grupo de titulación no seguintes postos:

“Xefe Area Mobilidade, Seguridade, Trafico e Extinción de Incendios: Conforme documento que se achega de modificación puntual de RPT de data 2018, consta modificación na denominación e no CD 28. Polo tanto, procedeuse a incorporar a modificación no documento actualizado de RPT, correspondendo en consecuencia o grupo de titulación A1 e titulación código 1, no marco do establecido no Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (artigo 71).

Xefe Limpeza: O posto inicialmente, tal e como figura na RPT do ano 2010, tiña asociado un CD 26. Posteriormente, tanto na RPT de 2017 como na aplicación de xestión de rpt “ginpix” consta CD 28. Non obstante, por erro na RPT de 2017 non se actualizou a información sobre grupo de titulación. Por tanto, detectado erro, procedeuse a subsanar figurando no documento enviado en data 08/04/2022 grupo A1. “

Así mesmo detéctanse erros na titulación esixida para o Xefe da OSPIO segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.04.2016 (42-43-44-53) e postos reservados a funcionarios de habilitación de carácter nacional que conforme o artigo 18 do RD 128/2018, de 16 de marzo, corresponde licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou graduado, segundo o previsto no texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, para o ingreso nos corpos ou escalas clasificadas no subgrupo A1.

2.4. Escalas- Subescala-clase

Segundo a Técnica de avaliación e formación e posterior informe administrativo atópanse erros nos seguintes postos: Xefatura Oficina OAR, Inspector auxiliar Recursos Humanos, Xefe servizo contratación, Auxiliar administrativo/a, xefe servizo administrativo e control orzamentario (AG/AE), auxiliar servizos internos (AE).

E segundo informe administrativo resulta o seguinte

Xefatura Oficina OAR: figura tanto na RPT aprobada en 2010 como na actualización do 2017 con escala AG/AE.

Inspector auxiliar Recursos Humanos: atopándose tanto na RPT aprobada en 2010 como na actualización do 2017 ca denominación de “auxiliar servizos inspección de persoal”, figura o posto nas mesmas con escala AE.

Xefe servizo contratación: Figurando na actualización da RPT de 2017 como subescala SA (administrativa), por erro. No documento enviado en data 08/04/2022 subsanación do erro figurando “Técnica superior”. Asociado a este erro detectouse erro na titulación, sendo igualmente subsanado, substituindo o código 3 polo código 1.

Xefe servizo administrativo e control orzamentario: Figura na actualización da RPT de 2017 como escala AE, por erro. No documento enviado en data 08/04/2022, subsánase o erro, poñéndose AG/AE (RPT aprobada en 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 16.11.2010).

Auxiliar servizos internos: Figuran na actualización da RPT de 2017 como escala AG, por erro. No documento enviado en data 08/04/2022, subsánase o erro, poñéndose AE (RPT aprobada en 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 16.11.2010).

A vista dos informes conclúese o seguinte

- O posto de Xefatura Oficina OAR figura na RPT 2010 clasificado A2/C1 na escala AG/AE-, subescala SA-TM. Na RPT 2017 grupo C1 escala AG-AE, subescala SA-TM. Titulación académica 2-3. Apréciase erro xa que TM coresponde ao grupo A2. Así mesmo os posto de xefatura de oficina doutras unidades administrativas (asesoría Xurídica/Secretaría de Goberno local) están claificadas como AG/ADMTVA. Procédese a corrección.
- Mantense a clasificación do posto de Inspector auxiliar Recursos Humanos na escala AE e non AG en tanto que, a falta de aclaración, non se aprecia error nos termos do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.
- O posto da Xefe servizo contratación ten un CD 28. Corresponde clasificar o posto no grupo A, subgrupo A, subescala técnica (artigo 169.1.a) TRRL).
- Respecto ao posto de Xefe/a Servizo administrativo e de control orzamentario faise constar que segundo o informe proposta de data 25.04.2022 (trámite 443) sometido a mesa de negociación en data 2.05.2022 sinalou “ *O posto de Xefe servizo administrativo e control orzamentario, Na RPT 2010 figura na área de Servizos Xerais e Vías e Obras o posto de Xefe servizo administrativo*



Concello de Vigo

e control orzamentario clasificado na escala AE/AE Non obstante a Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 04/03/2016 prestou aprobación a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP no 220, do martes 16 de novembro do 2010) en virtude do cal e, entre outros, creouse do Servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento, e reconfiguración do posto de traballo de técnico/a de xestión existente na Área de Fomento, que pasará a ser a “Xefe/a do Servizo administrativo e de control orzamentario” na Área indicada, con nivel de complemento de destino 28/26 e nivel de complemento específico 640, (análogo á xefatura do servizo de electromecánicos existente na dita Área) sendo de adscripción indistinta un funcionario/a encadrado no subgrupo A1 ou A2, código de titulación 1/2, forma de provisión: LD. No documento actualizado da RPT publicado no ano 2017 na área de Servizos Xerais figura o posto de Xefe/a Servizo Administrativo e de control orzamentario clasificado no grupo A1/A2, Escala AE, titulación 1-2. A falta de aclaración mantense a clasificación do posto segundo o documento actualizado da RPT 2017 como último documento aprobado. Non obstante, conforme o sinalado no informe xurídico (trámite 686)<< aos efectos da presente RPT as características dos postos estarase ao disposto na RPT aprobada no ano 2010 e a súas modificacións aprobadas con posterioridade. Os acordos específicos (acordo de aprobación da RPT 2010 e modificacións da RPT) prevalecerán sobre o documento unificado da relación de postos de traballo municipal para inserción no portal de transparencia aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2017.>>, procede, dado que o posto creado en 04/03/2016 é similar ao contemplado en 2010 procede establecer a escala AG/AE en tanto que o acordo específico de creación do postos de data 4.3.2016 non o especifica.

- Auxiliar de servizos internos. Na proposta da RPT figura os auxiliares de servizo internos como AE.
 - Servizo limpeza: Na RPT 2010 figura que a praza é ocupada por persoal laboral fixo. Na RPT 2010 figura o posto clasificado como escala AG.
 - Servizo de Supervisión de Proxectos.- No figura dito posto na RPT 2010. Na RPT 2017 figura como AG.
 - Na RPT 2010 no Servizo de electromecánicos figura un posto como AE. A proposta actual non o recolle
 - No servizo de Patrimonio. Non figura na RPT 2010. Na RPT 2017 figura un posto como AE.
 - Na área de cultura . A RPT 2010 figura un posto como AE. Na RPT 2017 non se especifica.
 - Na área de Festas: na RPT 2017 se especifica como AE.

Apéciáanse incoherencias nos distintos documentos polo que se procede a súa corrección e clasificación dos postos de auxiliares de servizos internos como AE co fin de homoxeneizar e facilitar a mobilidade.

3.- Modificación do sistema de provisión de postos de traballo.

O anexo da RPT publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO) de data 16.11.2010 e aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 determina << *A forma de provisión normal será o concurso (na clave porase unha C) pero as xefaturas de unidades ou servicios de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistaranse mediante libre designación (utilizando a clave LD). A adscrición a postos non singularizados, entendéndose por tales os que non se individualicen ou distinguan dos restantes postos de traballo polo seu contido ou condicións específicas para o seu exercicio, poderán ser adscritos por necesidades do servicio a outro da mesma natureza, nivel de complemento de destino e específico, por cambio de adscrición (utilizando a clave CA), segundo o disposto no art. 7 do Decreto 93/91, do 20 de marzo da Xunta de Galicia, concordante co art. 61 do R.d. 364/95, do 10 de marzo. O persoal eventual o nomea directamente a Alcaldía (utilízase a clave NDA).*

As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.>>

A presente modificación ten por obxecto principal a modificación dos sistema de provisión dos postos de traballo clasificados nos grupos A1 e A2 conforme as sentenza nº 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no R.C.A. procedemento abreviado nº 180/2020 e sentenza nº249/2018 do Xulgado Contencioso Administrativo de data 13.11.2018 pola que se anula o apartado sexto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 15.01.2018 e posterior acordo do mesmo órgano de data 12.04.2018 pola que se aproba as bases reitoras da convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación de catro postos de traballo pertencentes ao grupo A1, ao non resultar xustificada a idoneidade do procedemento excepcional de libre designación como forma de provisión do citado posto.

3.1.- Sistema de provisión de postos de traballo

O artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión de postos de traballo as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

Neste senso o artigo 78 do TREBEP determina << *1. Las Administraciones Públicas proveerán los puestos de trabajo mediante procedimientos basados en los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.*



Concello de Vigo

2. La provisión de puestos de trabajo en cada Administración Pública se llevará a cabo por los procedimientos de concurso y de libre designación con convocatoria pública.

3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer otros procedimientos de provisión en los supuestos de movilidad a que se refiere el artículo 81.2, permutas entre puestos de trabajo, movilidad por motivos de salud o rehabilitación del funcionario, reingreso al servicio activo, cese o remoción en los puestos de trabajo y supresión de los mismos.>>

O artigo 79 de dito texto legal << 1. El concurso, como procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo, consistirá en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos por órganos colegiados de carácter técnico. La composición de estos órganos responderá al principio de profesionalidad y especialización de sus miembros y se adecuará al criterio de paridad entre mujer y hombre. Su funcionamiento se ajustará a las reglas de imparcialidad y objetividad>>

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público sinala no seu artigo 80.2 que as leis de Función Pública que se ditasen no seu desenvolvemento establecerían os criterios para determinar os postos que pola súa especial responsabilidade e confianza poidan cubrirse polo procedemento de libre designación con convocatoria pública.

Neste senso o artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia sinala que *“Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo”*.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de

garantizar de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del puesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Así mesmo o artigo 7 do Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo determina que o sistema normal será o de concurso establecendo a dito efecto un baremo de méritos. Así mesmo, respecto ao persoal laboral o convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo determina no seu artigo 7 que os postos de traballo proveranse con carácter xeral cos mesmos requisitos, condicións e procedementos que o previsto no caso de postos reservados a funcionarios.

Conforme a xurisprudencia a libre designación ten carácter excepcional aplicable so en función da especial responsabilidade e confianza que entrañen as función do posto e xustificadas na relación de postos de traballo.

E por isto que o concurso constitúe o sistema de provisión ordinario dos postos de traballo, e o de concurso específico e libre designación ten carácter extraordinario e precisado dunha motivación ou xustificación individualizada na relación de postos de traballo. Non obstante tal e como determina a STXG 338/2018 cando *“ a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.”*

3.2.- Proposta da modificación do sistema de provisión dos postos de traballo da RPT do Concello de Vigo.-

Tal e como sinala o informe da situación da RPT do Concello asinado en data 4.02.2022 a RPT vixente (publicada no BOP PO de data 7.06.2017, RPT publicada no BOP 16.11.2010 e a documentación remitida polo servizo de RRHH) require a sentenza 62/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Vigo da súa modificación en tanto que a mesma establece como sistema de provisión de postos de traballo a libre designación (LD), concurso (C) e cambio de adscrición (CA) e non consta, respecto aos postos de libre designación motivación da especial confianza ou responsabilidade.

3.2.1.- Libre designación

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público sinala no seu artigo 80.2 que as leis de Función Pública que se ditasen no seu desenvolvemento establecerían os criterios para determinar os postos que pola súa especial responsabilidade e confianza poidan cubrirse polo procedemento de libre designación con convocatoria pública. Neste senso o artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público



Concello de Vigo

de Galicia sinala que *“Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo”*.

O auto do Tribunal Constitucional de data 18.10.2016 determina << *Los criterios que se infieren de lo dispuesto en dicho precepto y en la disposición ahora cuestionada, son que las funciones que justifican el recurso a la libre designación son las de carácter directivo o de especial responsabilidad y aquellas que requieran una confianza personal para ejercer sus funciones; que las subdirecciones generales o equivalentes, jefaturas de servicio o equivalentes y las secretarías de altos cargos reúnen los requisitos establecidos en el apartado anterior para ser provistos por libre designación, esto es, cumplen funciones directivas o de especial responsabilidad o confianza; y que, en el caso de los puestos que correspondan a las categorías antes mencionadas, la provisión por libre designación no es una decisión voluntaria de la Administración sino que viene impuesta por el legislador, mientras que para los puestos no encuadrados en estas categorías es la relación de puestos de trabajo la que podrá elegir entre concurso o libre designación siempre y cuando, claro está, los puestos tengan asignadas funciones de naturaleza directiva, de especial responsabilidad o de especial confianza y así se justifique en la relación de puestos de trabajo.>>*

Conforme a xurisprudencia do Tribunal Supremo (Las sentencias de la Sala 3ª del Tribunal Supremo de 10 de abril de 1996 y 10 de abril de 2000) respecto do artigo 20 da lei 30/84 determina que o sistema de libre designación previsto na Lei difire substancialmente dun sistema de libre arbitrio, xa que o seu perfil ven delimitado polos seguintes elementos:

- a) ten carácter excepcional, na medida que completa o método normal de provisión que é o concurso;
- b) Aplícase a postos determinados en atención á natureza das súas funcións;
- c) só entran en tal grupo os postos directivos e de confianza que a Lei relaciona (Secretarías de altos cargos e os de especial responsabilidad)
- d) A obxectivación dos postos desta última clase ("especial responsabilidad") está incorporada as relacións de postos de traballo, que deberán incluír, *"en todo caso, la denominación y características esenciales de los puestos...."* e serán públicas, coa consecuencia de facilitación do control.

A Sentencia do Tribunal Supremo (TS) de data 31 de xullo de 2012 *“1.- La jurisprudencia de esta Sala viene insistiendo en el carácter excepcional que la Ley asigna a este sistema de libre designación y en la necesidad de que cuando se considere necesario acudir a él se haga, también excepcionalmente, y justificando,*

caso por caso, por qué debe utilizarse [así se han manifestado, entre otras, la sentencias [de 11 de marzo de 2009 \(casación 2332/2005\)](#), [9 de febrero de 2009 \(casación 7168/2004\)](#), [10 de diciembre de 2008](#)), [24 de septiembre de 2008 \(casación 5231/2004\)](#), [2 de julio de 2008 \(casación 1573/2004\)](#), [7 de abril de 2008 \(casación 7657/2003\)](#), 17 de diciembre de 2007 (casación 596/2005), [17 de septiembre de 2007 \(casación 5466/2002\)](#), [16 de julio de 2007 \(casación 1792/2004\)](#)].

Habiéndose de añadir que esa justificación, para que pueda ser considerada suficiente, exige describir las concretas circunstancias y cometidos concurrentes en el puesto de que se trate que permitan valorar si es o no de apreciar en el mismo el carácter directivo o la especial responsabilidad de los que depende la validez del sistema de libre designación, y que no bastan a estos efectos fórmulas estereotipadas o la mera denominación aplicada al puesto.”

Así mismo el Tribunal Supremo en Sentencia de 9 de xullo de 2012 determina que: “El sistema de libre designación para cargos intermedios...no puede considerarse injustificado porque, como señalan ambas partes codemandadas, no se establece para todos ellos sino tan solo para los existentes en determinadas unidades administrativas, que por la elevada importancia jerárquica que les corresponde, hacen aconsejable que el cargo intermedio desarrolle sus funciones en una estrecha colaboración con los cargos directivos.”

Nas entidades locais cabe sinalar que tal e como sinala o informe da Comisión para a preparación e estudo do EBEP de data 25 de abril de 2005 é preciso ter en conta esa peculiaridades que afectan ao emprego público no ámbito da Administración Local e respecto ao persoal directivo dispón “ Otra nota distintiva es la práctica ausencia y la relativa innecesariedad de personal directivo, salvo en las Entidades Locales de cierta dimensión, habida cuenta de que en la mayoría de los municipios la diferencia entre política y administración aparece muy difuminada.”

Non obstante cómpre sinalar que nos municipios de gran poboación o artigo 130 da LRBRL distingue, entre órganos superiores (Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local) e órganos directivos, diferenciando entre estes os de carácter necesario e os de carácter potestativo. Dentro dos primeiros, o titular da asesoría xurídica, o Secretario Xeral do Pleno, o Interventor Xeral, o titular de órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o Concelleiro-Secretario da mesma, así como os titulares dos órganos de dirección dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais da entidade. Respecto aos de carácter potestativo, inclúense os Coordinadores Xerais e Directores Xerais: os primeiros dependentes da Xunta de Goberno Local, sendo o seu número variable e determinado polo Alcalde, e os segundos, dependentes á súa vez dos Coordinadores Xerais e de número igualmente variable determinado polo Alcalde, culminando estes a organización administrativa dentro de cada unha das grandes Áreas ou Concellerías. Non obstante no Concello de Vigo os órganos directivos se limitan aos órganos directivos de carácter necesario, é dicir, ao titular



Concello de Vigo

da asesoría xurídica, o Secretario Xeral do Pleno, o Interventor Xeral, o titular de órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o Concelleiro-Secretario da mesma.

Serán obxecto de provisión polo sistema de libre designación os seguintes:

1- Órganos directivos municipais

De conformidade co artigo 130 da LRBRL son órganos directivos

- a) O/a secretario/a de Goberno Local (Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).
- b) A titular da asesoría xurídica.
- c) O secretario xeral del Pleno.
- d) O interventor xeral municipal.

A provisión dos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional se efectuará polo procedemento previsto no artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais normas de aplicación para a libre designación e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública.

O órgano directivo da Asesoría Xurídica será nomeado e separado pola Xunta de Goberno Local, entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de licenciado en dereito.
- b) Ostentar a condición de funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario do Estado, das Comunidades autónomas ou das Entidades locais, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equiparable

Así mesmo serán obxecto de provisión polo sistema de libre designación conforme a súa lexislación específica (Rd 128/de 16 de marzo, por el que se regula el réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional) os postos reservados a funcionarios de habilitación) de carácter nacional que a continuación se relacionan:

- Tesoureiro: (artigo 92 da LRBRL)
- Postos de colaboración; interventor/a adxunto, Viceinterventor/a adxunto/a e Secretario/a de Administración Municipal(artigo 99.2 da LRBRL e artigo 15 do Rd 128/de 16 de marzo)

Tribunal económico administrativo: o presidente, vogal e secretario (artigo 137 da LRBRL)

2 .- Postos de especial responsabilidade e confianza

Aos efectos de determinar os postos a proveer polo sistema de libre designación tívose en conta a especial responsabilidade e confianza que conleva o exercicio das funcións inherentes a ditos postos conforme os criterios xurisprudenciais e Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os criterios de excepcionalidade para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes:

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:

- Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.
- Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local
- Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

b) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.

c) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais.

d) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado(elaboración de instrumentos de organización, planificación e ordenación),



Concello de Vigo

En base a ditos criterios porponse como postos a proveer por libre designación os seguinte:

500.- Dirección de ingresos

Director/a de ingresos e xestión catastral delegada

Segundo a guía de funcións correspóndelle as funcións asociadas ao posto tipo “Xefe/a de Area” que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados. Concretamente se lle atribúe en materia da xestión estratéxica da área de ingresos as seguintes funcións:

- Levar a cabo a planificación estratéxica da área da que é responsable, tendo en conta a planificación realizada por cada Xefe/a de Servizo, e o contexto político, social e económico no que se atopa a organización, analizando a situación actual e establecendo os obxectivos da área a curto, medio e longo prazo, así como as liñas estratéxicas a seguir e as accións necesarias a levar a cabo para lograr a súa consecución.
- Establecer, de acordo cos criterios dos órganos de goberno, as prioridades dos servizos, departamentos, seccións e unidades que forman parte da área, así como os obxectivos parciais de cada un deles, en liña cos obxectivos estratéxicos globais determinados.

(..)

- Realizar o seguimento da planificación estratéxica definida, mediante a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados e os indicadores de seguimento das accións deseñadas.
- Manter aos seus superiores xerárquicos informados do nivel de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos e proporlles, en caso de que sexa necesario, a implantación de accións correctoras

As funcións asignadas ao posto de traballo teñen unha elevada importancia no adecuado funcionamento da área de ingresos toda vez que segundo informe económico financeiro que consta no expediente de aprobación do presuposto do Concello do ano 2022 o importe total do orzamento de ingresos ascende a 285.502.256,18€ dos que corresponden a operacións correntes 261.322.088,36€ (capítulos I a V) e a operacións de capital, 24.180.167,82€. A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas respecto de proxectos de ordenanzas fiscais, prezos públicos e de prestacións patrimoniais de carácter público non tributaria e as súas modificacións ou derogacións de xeito que no exercicio das súas

funcións o/a titular do posto afecta e condiciona o comportamento do Concello na planificación e xestión en materia de ingresos públicos e a súa inspección. Así mesmo o posto ten atribuído as funcións de coordinación das unidades administrativas inferiores, coa estrutura que reflicte a RPT (inspección de tributos, xestión catastral delegada, xefatura e ingresos directos, negociado ICIO), polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A natureza das funcións, o grao de competencia e responsabilidade que existe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior

210.- Área de mobilidade, seguridade de tráfico e extinción de incendios

Xefatura da área de mobilidade, seguridade de tráfico e extinción de incendios

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados. Concretamente se lle atribúe en materia da xestión estratéxica da área de ingresos as seguintes funcións:

- Levar a cabo a planificación estratéxica da área da que é responsable, tendo en conta a planificación realizada por cada Xefe/a de Servizo, e o contexto político, social e económico no que se atopa a organización, analizando a situación actual e establecendo os obxectivos da área a curto, medio e longo prazo, así como as liñas estratéxicas a seguir e as accións necesarias a levar a cabo para lograr a súa consecución.
- Establecer, de acordo cos criterios dos órganos de goberno, as prioridades dos servizos, departamentos, seccións e unidades que forman parte da área, así



Concello de Vigo

como os obxectivos parciais de cada un deles, en liña cos obxectivos estratéxicos globais determinados.

(..)

- Realizar o seguimento da planificación estratéxica definida, mediante a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados e os indicadores de seguimento das accións deseñadas.
- Manter aos seus superiores xerárquicos informados do nivel de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos e proporlles, en caso de que sexa necesario, a implantación de accións correctoras

As funcións asignadas ao posto de traballo teñen unha elevada importancia en materia de seguridade cidadana e mobilidade en tanto no seu ámbito de responsabilidade xestiona o corpo da Policía Local que abrangue máis do 50 por cento dos efectivos da plantilla municipal que traballan a distintas quendas, portan armas. Así mesmo a Alcaldía ten atribuída a xefatura da Policía Municipal polo que o titular do posto lle corresponde o asesoramento e dependencia do órgano superior. Así mesmo a especial responsabilidade fundaméntase en garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar a toma de decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia.

O posto ten atribuído as funcións de coordinación dos servizos/ unidades administrativas (servizo de seguridade, Policía Local, Extinción de incendios/Protección Civil) coa estrutura que reflicte a RPT, se require das decisións propias do superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade non só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, no exercicio das competencias atribuídas aos órganos superiores. Así mesmo a especial responsabilidade radica no control e uso de datos persoais do persoal adscrito ao servizo da Policía Local, así como o seu armamento, uniformidade e medios técnicos.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno superior inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias en materia de política da área de seguridade. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

440.- Área de Servizos Xerais e Vías e obras

Xefatura da área de Servizos Xerais

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase en que o posto ten como finalidade o desenvolvemento da proposta e concreción da actividade planificativa, estratéxica da área e na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de planificación de contido de fondo non regrado en materia de infraestruturas e servizos urbanos. Así mesmo o posto ten atribuído as función de coordinación de unidades administrativas inferiores (servizo de vías e obras, taller de vías e obras, supervisión de proxectos e asistencia, servizo de electromecánicos, parque móbil), coa estrutura que reflicte a RPT, polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órganos superior.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área. É precisamente no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento onde é máis innecesaria a relación de confianza debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos proxectos, máxime se se desenvolven no marco das relacións interadministrativas nas que a valoración dos intereses públicos representados por todas as partes deben ser analizado no seu conxunto e non meramente desde a posición a administración á que se pertence.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de



Concello de Vigo

total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

Xefatura da Área de Inversións

Actualmene o posto desenvolve funcións ligadas a captación e xestión de fondos susceptibles de xenerar grandes inversións e contribúen á construción de cidade e de novos modelos de desenvolvemento cidadán que implican a creación de emprego e gran impacto para a cidadanía así como o seu seguimento e verificación de resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos superiores en materia de axudas, fondos europeos que requiren de instrumentos de planificación e xestión (plans de riscos, procesos de autoavaliación..). Así mesmo o posto conleva facultades de coordinación horizontal entendida como búsqueda de cauces de relación entre unidades administrativas co fin de dar respostas integrais e integradoras que implican a varias unidades administrativas e axentes externos, e dicir, conleva unha relación continúa entre as diferentes unidades asegurando unha función catalizadora entre a dimensión transversal e sectorial e da administración municipal, para o cal deberán levar a cabo técnicas de organización e dirección de proxectos no seguimento e coordinación da intervención administrativa necesaria para a posta en marcha dos mesmos. Así mesmo a especial responsabilidade deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello de xeito que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario.

A especial confianza radica no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento ao órgano inmediato superior debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos proxectos.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario con coñecementos específicos e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

242. Contratación

Xefatura da área de contratación e novos proxectos.-

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica en materia de contratación que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados en materia de contratación cun marcado carácter transversal.

A especial responsabilidade fundaméntase na facultades na toma de decisións en materia de instrumentos de planificación estratéxica. Dentro da denominada «Estrategia Europa 2020», a contratación pública desempeña un papel clave, posto que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso máis eficiente con maior racionalidade económica de los fondos públicos. De acordo coas actuais Directivas europeas sobre contratación pública (Directiva 2014/24; e 5 da Directiva 2014/25), a contratación pública estratéxica consiste na incorporación de políticas de desenvolvemento ambiental, social, ético, económico, de innovación e promoción das pemes, sen esquecer o cumprimento dos principios xerais de contratación pública. Ditos elementos foron incorporados e reforzados na Lei 9/2017, dos contratos do sector público (LCSP), nos que se determina que en todos os contratos públicos, os criterios sociais e ambientais que se relacionan co obxecto do contrato deben ser incorporados de forma transversal, e ademais, facilitarase o acceso á contratación pública das pemes. Ligado a contratación estratéxica, se atopa a obriga de elaborar un plan anual de contratación (artigo 26 da LCSP) e así mesmo a nova regulación de contratos menos obriga a revisión dos gastos realizados mediante contratos menores nos últimos exercicios e tramitar contratos con concurrencia e segundo o Plan de integridade de Contratación lle corresponde a elaboración de guías de tramitación e instrucións aplicable a todas as unidades administrativas. A estratexia, configúrase pois, como un dos pilares sobre os que se asenta a contratación administrativa.

Así mesmo o posto ten atribuído as función de coordinación coas distintas unidades administrativas do Concello en orden a determinar claramente as necesidades a satisfacer e coordinación dos procedementos de contratación en aras de acadar consecución da mellora da eficiencia e eficacia na contratación pública considerando que o importe do capítulo 2 de gastos correntes en bens e servizos ascende a un importe de 135.607.453,43 euros, no ano 2020 formalizaronse 126 contratos maiores por un importe de 108.890.649,26 euros. No ano 2021 se licitaron 163 contratos por un importe de 503.227.403,12 euros sen IVE. Para o ano 2022 están planificados 217 contratos por un importe de 151.333.707,10 euros. Así mesmo as necesidades de contratación non afectan a unha soa parte da estrutura vertical, senón que implica a toda organización polo que o titular do posto require dunha visión integradora de todos os servizos dende o punto de vista da contratación en aras dunha correcta planificación e programación contractual co fin de acadar unha mellor eficiencia na utilización de fondos públicos.



Concello de Vigo

Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación dos procedementos e xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Esta transversalidade esixe o desenvolvemento de ferramentas e instrumentos que, dentro da estrutura organizativa sectorial, permitan adaptarse a esencia da contratación pública mediante a planificación contractual e seguimento da execución e liquidación dos contratos.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito co fin de acadar eficacia na execución das directrices e liñas de xestión en materia contractual. Así mesmo no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento ao órgano inmediato superior (Xunta de Goberno Local como órgano de contratación ou concellerías delegadas) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos programas da área.

303.- Benestar Social

Xefatura de área de Benestar

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados. Concretamente se lle atribúe en materia da xestión estratéxica as seguintes funcións:

- Levar a cabo a planificación estratéxica da área da que é responsable, tendo en conta a planificación realizada por cada Xefe/a de Servizo, e o contexto político, social e económico no que se atopa a organización, analizando a situación actual e establecendo os obxectivos da área a curto, medio e longo prazo, así como as liñas estratéxicas a seguir e as accións necesarias a levar a cabo para lograr a súa consecución.
- Establecer, de acordo cos criterios dos órganos de goberno, as prioridades dos servizos, departamentos, seccións e unidades que forman parte da área, así como os obxectivos parciais de cada un deles, en liña cos obxectivos estratéxicos globais determinados.

(..)

- Realizar o seguimento da planificación estratéxica definida, mediante a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados e os indicadores de seguimento das accións deseñadas.
- Manter aos seus superiores xerárquicos informados do nivel de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos e proporlles, en caso de que sexa necesario, a implantación de accións correctoras

As funcións asignadas ao posto de traballo teñen unha elevada importancia no adecuado funcionamento da área de Benestar. A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas en materia de plans e programas de benestar dirixidos a satisfacer as necesidades sociais básicas como dereitos universais da cidadanía. Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación das unidades administrativas inferiores (acción social, CEDRO), coa estrutura que reflicte a RPT, polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Así mesmo a especial responsabilidade do posto deriva da xestión de información especialmente reservada respecto dos usuarios/as dos programas de servizos sociais en tanto que os expedientes que se tramitan dende o servizo se tratan categorías especiais de datos (artigo 9 do Regulamento europeo (UE) 2016/679) polo que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, polo que a persoa titular do posto lle corresponde a facultade de decisión sobre os procedementos garantidos do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter personal

A persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

240.- Servicio Patrimonio.

Xefatura da área de xestión patrimonio e ordenación territorial territorial

A Xefatura de área ten asignadas funcións directivas que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados. Concretamente se lle atribúe en materia da xestión estratéxica da área de patrimonio e ordenación territorial as seguintes funcións:



Concello de Vigo

- Levar a cabo a planificación estratéxica da área da que é responsable, tendo en conta a planificación realizada por cada Xefe/a de Servizo, e o contexto político, social e económico no que se atopa a organización, analizando a situación actual e establecendo os obxectivos da área a curto, medio e longo prazo, así como as liñas estratéxicas a seguir e as accións necesarias a levar a cabo para lograr a súa consecución.
 - Establecer, de acordo cos criterios dos órganos de goberno, as prioridades dos servizos, departamentos, seccións e unidades que forman parte da área, así como os obxectivos parciais de cada un deles, en liña cos obxectivos estratéxicos globais determinados.
- (..)
- Realizar o seguimento da planificación estratéxica definida, mediante a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados e os indicadores de seguimento das accións deseñadas.
 - Manter aos seus superiores xerárquicos informados do nivel de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos e proporlles, en caso de que sexa necesario, a implantación de accións correctoras

A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado. Este criterio afecta os casos de responsabilidade directa sobre a toma de decisións para a elaboración de instrumentos de planificación respecto da xestión integral do patrimonio.

Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación das unidades administrativas inferiores (Patrimonio e patrimonio histórico), coa estrutura que reflicte a RPT, polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Así mesmo dita coordinación esixe establecer unha interrelación entre as distintas unidades administrativas, Consorcio do Casco Vello e Organismo autónomo (Xerencia Municipal de Urbanismo) e outras Administracións para o cal deberán levar a cabo técnicas de organización e dirección de proxectos no seguimento e coordinación da intervención administrativa necesaria para a posta en marcha dos mesmos.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un

contacto profesional permanente e estreito co fin de acadar eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área. Así mesmo no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos programas da área.

220- Área de recursos Humanos e formación

Xefatura de área de recursos humanos e formación

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica en materia de recursos humanos que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado en materia de recursos humanos no marco dos principios da adecuada planificación dos servizos, economía, eficacia, eficiencia e racionalización administrativa. Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación na estrutura da unidade administrativa polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento e en consecuencia un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Así mesmo dita coordinación esixe establecer unha interrelación entre as distintas unidades administrativas da administración municipal e orden a determinar as necesidades de persoal que garantan a prestación dos servizos públicos á vez que debe coordinar a toma de decisións en materia de persoal coa xestión orzamentaria de Capítulo I, tanto na fase de elaboración do orzamento, como na xestión do mesmo para dispoñer de información actualizada sobre a dotación de vacantes, o crédito dispoñible na partida de axustes técnicos e o estado de tramitación das modificacións de crédito

Así mesmo a especial responsabilidade fundamentáse na responsabilidade directa da Xefatura sobre dos sistemas de protección de datos do persoal empregado público (datos de seguridade social, ou expedientes disciplinarios, datos de afiliación sindical ou baixas laborais - categorías especiais de datos (artigo 9 do Regulamento europeo (UE) 2016/679) de xeito que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario.



Concello de Vigo

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

200.- Area de Réxime Interior

Xefatura da área de Réxime Interior

Por Resolución da Alcaldía de data 26.06.2021 modificada por resolución de data 16.04.2021 delegouse na Concelleira delegada en Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal a área de Réxime interior en virtude da cal lle corresponde dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente. A vista desta competencia fórmase as seguintes consideracións.

A organización debe ter unha política de compras alineada coa estratexia global da propia organización e conforme e súas necesidades debe plantexarse uns obxectivos específicos en materia de compras alineados coa consecución dos obxectivos estratéxicos. Dentro da denominada «Estrategia Europa 2020», a contratación pública desempeña un papel clave, posto que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso máis eficiente con maior racionalidade económica de los fondos públicos. De acordo coas actuais Directivas europeas sobre contratación pública (Directiva 2014/24; e 5 da Directiva 2014/25), a contratación pública estratéxica consiste na incorporación de políticas de desenvolvemento ambiental, social, ético, económico, de innovación e promoción das pemes, sen esquecer o cumprimento dos principios xerais de contratación pública. Ditos elementos foron incorporados e reforzados na Lei 9/2017, dos contratos do sector público (LCSP), nos que se determina que en todos os contratos públicos, os criterios sociais e ambientais que se relacionan co obxecto do contrato deben ser incorporados de forma transversal, e ademais, facilitarase o acceso á contratación pública das pemes

A xestión de compras require dunha planificación estratéxica na que se definan e prioricen as categorías de compra do período, se aproben as estratexias de compra por categoría para o período, se comuniquen as estratexias ao persoal de compras e se difunda ao resto da organización. As mesmo require da implantación de

estratexias de compra na que se definan obxectivos concretos para favorecer a competencia; valorar e establecer medidas específicas nas diferentes etapas da compra e dispoñer dunha metodoloxía de xestión de riscos de colusión nas licitacións públicas e mecanismos de control que avalien o grao de cumprimento das estratexias definidas e establecer, no seu caso, accións correctivas.

É por isto polo que é preciso definir unha política económica e de control do gasto que garanta a eficiencia económica e un alto nivel de competencia, integrála na política de compras e difundila na organización; establecer obxectivos concretos para o control do gasto (corrente e investimentos); desenvolver sistemas de valoración, avaliación e control dos aspectos sociais (informes de grao de avance)..

A guía de funcións atribúe a Xefatura de área funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase en que o posto ten como finalidade o desenvolvemento da proposta e concreción da actividade planificativa, estratéxica da área e na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de planificación de contido de fondo non regrado en materia de política de compras. Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación de unidades administrativas inferiores (conserxería, almacén, estadística), coa estrutura que reflicte a RPT, polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior.

Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación coas distintas unidades administrativas do Concello en orden a determinar claramente as necesidades a satisfacer e determinar os procedementos de contratación en aras de acadar a mellora da eficiencia e eficacia en política de compras polo que o titular do posto require dunha visión integradora de todos os servizos dende o punto de vista da contratación en aras dunha correcta planificación en xestión de compras. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación dos procedementos e xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Esta transversalidade esixe o desenvolvemento de ferramentas e instrumentos que, dentro da estrutura organizativa sectorial, permitan adaptarse a esencia da contratación pública mediante a planificación contractual e seguimento da execución e liquidación dos contratos.



Concello de Vigo

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de manterse un contacto profesional permanente e estreito co fin de acadar eficacia na execución das directrices e liñas de xestión en materia de xestión centralizada de compras

212. Servizo Policía Local

Superintendente Xefe/a Policía Local

A provisión por libre designación deste posto ven determinado por lei, concretamente o artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais relativo ao nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local)

213.- Servizo de Extinción de incendios

Xefe/a Servizo de extinción de incendios e salvamento

A Disposición final terceira da LRBRL determina que o persoal dos Corpos de Bombeiros gozará dun Estatuto específico, aprobado regulamentariamente se ben a día de hoxe aínda non está aprobado. Ante a ausencia de dito estatuto específico é a RPT que determina a estrutura do servizo figurando o posto de Xefatura do Servizo de Extinción Incendios e Salvamento como máximo responsable do corpo de bombeiros ostentando o mando inmediato sobre os membros do corpo baixo a superior autoridade do Alcalde ou do Concelleiro no que delegue.

A especial responsabilidade fundaméntase en garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas. Así mesmo os posto a facultade de dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos do corpo, así como, as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia de xeito e toma de decisión que poidan suponer a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia. Así mesmo a facultade de coordinación require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento e en consecuencia un maior grao de responsabilidade ao ser partícipe das labor dos membros do corpo. Así mesmo dita coordinación esixe establecer unha interrelación interadministrativa para o cal deberán levar a cabo técnicas de organización e dirección no seguimento e coordinación da intervencións necesaria para o seu desenvolvemento.

A persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno en materia de seguridade que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

101.- Gabinete Alcaldía

Xefe/a departamento administrativo Alcaldía

O posto está integrado na estrutura administrativa do Gabinete da Alcaldía e ten asignadas funcións que para o Xefe de Unidade determina a guía de funcións. Así mesmo dito posto se configura como un elemento garante da continuidade no exercicio da administración ordinaria do Concello.

A especial confianza do posto deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello en materia de actuacións de protocolo, ceremonial, axenda s da Alcaldía, en tanto que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción superior ao normal por xestionar información respecto das actividades da Alcaldía ao que asisten e do que dependen directamente.

111.- Asesoría Xurídica

Xefe/a da área xudicial

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A responsabilidade do posto ven determinada nas propias funcións do posto relativas a representación e defensa en xuízo de Concello e Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo e da fixación de criterios legais e xurisprudencias que guían a actuación municipal. Así mesmo lle corresponde a emisión de informes de valoración sobre a viabilidade do exercicio de acción en materia de competencia de Pleno, Xunta de Goberno e Alcaldía e fixación de criterios de legalidade da actividade municipal de xeito que o titular do posto asume un papel estratéxico que deberá contra cunha visión de toda a organización municipal que permite abordar con solvencia e eficacia as cuestións que, con carácter transversal, se presentan día a día, achegando seguridade xurídica na toma de decisión e que vinculan a distintas unidades municipais.



Concello de Vigo

É precisamente no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento onde é máis innecesaria a relación de confianza debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na defensa en xuízo, máxime se se desenvolven no marco das relacións interadministrativas nas que a valoración dos intereses públicos representados por todas as partes deben ser analizado no seu conxunto.

A especial responsabilidade e confianza ven motivada razón das funcións que ten que desenvolver de defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento así mesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente da Alcaldía e asesora aos órganos superiores e órganos directivos polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A titulación esixida para o Xefe da área xudicial e letrado- asesor será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública o posto de traballo foi provisto definitivamente.

Letrado/a especial orde social, civil, contencioso, mercantil,

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A responsabilidade do posto ven determinada nas propias funcións do posto relativas a representación e defensa en xuízo de Concello e Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo. Así mesmo lle corresponde a emisión de informes de valoración sobre a viabilidade do exercicio de acción en materia de competencia de Pleno, Xunta de Goberno e Alcaldía e fixación de criterios de legalidade da actividade municipal que vinculan a distintas unidades municipais.

É precisamente no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento onde é máis innecesaria a relación de confianza debido a que vai permitir que as mesmas

se desenvolvan desde unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos proxectos, máxime se se desenvolven no marco das relacións interadministrativas nas que a valoración dos intereses públicos representados por todas as partes deben ser analizado no seu conxunto e non meramente dende a posición da administración municipal.

A especial responsabilidade e confianza ven motivada razón das funcións que ten que desenvolver de defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía.

Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que aseora aos órganos superiores e persoal directivo delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública o posto de traballo foi provisto definitivamente.

Letrado/a xefe/a de asesoramento xurídico

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A especial responsabilidade do posto radica nas funcións atribuídas en materia de asesoramento á Alcaldía, a Xunta de Goberno, Concellerías delegadas e órgano directivos. Cabe sinalar que non Concello non existe subescala específica de letrados, así mesmo lle corresponde a emisión de informes de valoración sobre a viabilidade do exercicio de acción en materia de competencia de Pleno, Xunta de Goberno e Alcaldía e fixación de criterios de legalidade na actividade municipal que vinculan a distintas unidades municipais de xeito que o titular do posto asume un papel estratéxico que deberá contra cunha visión de toda a organización municipal que permite abordar con solvencia e eficacia as cuestións que, con carácter



Concello de Vigo

transversal, se presentan día a día, achegando seguridade xurídica na toma de decisión e que vinculan a distintas unidades municipais.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órganos superiores da administración municipal que require contar cunha especial confianza de dita persona, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito no exercicio das funcións. Así mesmo o exercicio das funcións de asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) permite que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na determine a fixación de criterios que vinculan as unidades administrativas nas actaúcións administrativas e xudiciais.

A especial responsabilidade do posto por razón das funcións que ten que desenvolver, de asesoramento e defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento asimesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa depende directamente dun órgano superior polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública o posto de traballo foi provisto definitivamente.

Letrado/a asesor/a xurídico/a

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A especial responsabilidade do posto radica nas funcións atribuídas en materia de asesoramento á Alcaldía, a Xunta de Goberno, Concellerías delegadas e órganos directivos. A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órganos superiores da administración municipal que require contar cunha especial confianza de dita persona, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito no exercicio das

funcións. Así mesmo se fundamenta exercicio das funcións de asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na determine a fixación de criterios que vinculan as unidades administrativas e a defensa en xuízo.

A especial responsabilidade do posto por razón das funcións que ten que desenvolver, de asesoramento e defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento asimesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa depende directamente dun órgano superior polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado

A natureza das funcións, o grao de competencia e a responsabilidade que esixe o seu desempeño determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación nas funcións ecomendadas a asesoría xurídica.

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública un posto de traballo foi provisto definitivamente.

113- Administración electrónica

Xefa/a Servizo Administración Electrónica

A especial responsabilidade do posto de Xefatura de Administrativo electrónica fundaméntase na atribución aos postos da facultade de proposta e concreción da actividade planificativa, estratéxica na implantación da Administración electrónica e política en materia de protección de datos baixo a dependencia directa da Alcaldía/concelleiro delegado de área.

A implantación da Administración Electrónica constitúe un avance no proceso de apertura da Administración cara aos cidadáns, proporcionando a estes unhas ferramentas que posibilitan o acceso aos servizos da Administración sen ningunha limitación de tempo nin horario de xeito que a cidadanía poderá interactuar coa Administración realizando os seus trámites, coñecer en calquera momento a situación dos seus expedientes, e dispoñerán dun espazo para a participación. Un procedemento exclusivamente electrónico é máis áxil, transparente e con menor carga burocrática que require dunha serie de procesos internos e externos han de dar resposta ás necesidades que desencadea un modelo de atención integral orientado



Concello de Vigo

ao cidadán. Así mesmo precisa dunha serie de instrumentos ou ferramentas xurídico técnicos, como os certificados electrónicos, que revisten de validez e fehaciencia tanto a documentos como a trámites administrativos realizados por medios electrónicos, ou as sedes e plataformas electrónicas, que se utilizan para a recepción de escritos e solicitudes, e tamén, para realizar notificacións e comunicación de xeito que se require da coordinación con outros Organismos da propia Administración e con outras Administracións mediante intercambios e puntos de acceso selectivos aos expedientes dos cidadáns. Desta forma, os propios organismos deixan de solicitar información aos cidadáns que xa se atopa en poder doutros organismos, demandando a estes últimos a información requirida. Estes intercambios de información han de contar coa autorización do cidadán, dado que a lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal limita os casos en que as administracións poden intercambiar datos entre si acerca dos cidadáns sen o seu permiso previo. Esta nova situación exposta implica unha revisión e transformación das distintas relacións da administración cos cidadáns, empresas, outros organismos da propia administración e, finalmente, outras administracións

Así mesmo a Administración electrónica supón non só a utilización das tecnoloxías no interface co cidadán senón tamén en todas as fases do procedemento administrativo. O tratamento informatizado dos datos e o almacenamento nas bases de datos inflúe nas tarefas internas da xestión administrativa, automatizándoas, facilitando as tarefas habituais e repetitivas, pero tamén condiciona a establecer medidas e responsabilidades ao redor da seguridade dos datos, tanto de acceso aos sistemas, como á súa transmisión ou cesión. Tal e como reflicte a normativa en materia de protección de datos, os riscos de vulneración da privacidade persoal están asociados a calquera tratamento dos datos persoais, non exclusivamente aos automatizados. Por tanto, hai realizar ineludiblemente unha análise de riscos e tomar as medidas adecuada para evitalos, minimizalos ou derivalos.

E por isto polo que o posto de require dun especial responsabilidade como garante do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección na de datos de carácter personal e asesoramento e planificación estratéxica en implantación da Administración Electrónica en materia de seguridade de la información e concretamente adopción de medidas de protección da privacidade dixital. Así mesmo o posto ten atribuido as función de coordinación na estrutura da unidade administrativa polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento e en consecuencia un maior grao de responsabilidade dado que dita coordinación esixe establecer unha interrelación entre as distintas unidades administrativas co fin de acadar os obxectivos fixados.

A especial confianza deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello en tanto que os responsables deste tipo de información deben extremar a

confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello.

Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante as convocatorias consonte o establecido na relación de postos e traballo poderán permitir que certos postos da administración sexa cubertos por funcionarios doutras administracións (SSTS 25 de xaneiro de 2012, STC 156/1998 e 8/2010), posibilidade recollida no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, que establece a posibilidade de que os postos de traballo se provean por parte de funcionarios doutras administracións públicas, se así o prevé as relacións de postos de traballo. Así mesmo, o artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia sinala que *“as relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non poden superar o 7% do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, agás que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade”*

E por isto polo que se propón que os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo. Dita proposta se realiza porque existe na actualidade unha importante necesidade de persoal no Concello, en concreto de personal de perfil eminentemente técnico que dé resposta as novas e máis complexas obrigacións e responsabilidades que derivan das novas disposicións legais do Estado e Comunidade Autónoma e a maioría do persoal técnico de nivel A1 está ocupando xefaturas de postos ou mediante encomenda desenvolvendo ditas funcións. Non obstante os postos de provisión de libre designación requiren dun perfil con determinada experiencia e coñecementos polo que posibilidade de apertura de ditos postos a outro persoal funcionarios doutras Administracións pode contribuír a achegar coñecementos e destrezas moi útiles a favor desta entidade local. Sempre é útil poder contar con maior número de posibles candidatos para ocupar postos vacantes, porque os perfís e méritos a comparar serán maiores e pode supoñer que se doten con persoal con maior experiencia aproveitando deste xeito os recursos humanos, en aras de garantir a eficacia do servizo que se preste a los cidadanos (artigo 84.1 do TREBEP).

Cese

Os titulares dos postos de traballo que foran adxudicados polo procedemento de libre designación poderán ser cesados libremente nos mesmos, mediante resolución motivada do órgano competente

3.2.2.- Concurso específico



Concello de Vigo

O concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo.

As xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, salvo aqueles que, polos seus especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Daniel Diz Portela, na súa condición de vicepresidente da Asociación Amigos de la Ópera de Vigo (CIF: G36622116) con enderezo social na rúa Venezuela, 22, 1º B, CP 36203, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afeción á música como actividade tanto cultural coma social.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e co-laborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.05, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**, a cantidade de 80.000 euros (60.000 achegados polo Concello máis 20.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo con data 5 de agosto, expediente 4462/330)*

*IV.- Que a “**ASOCIACIÓN A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o “OUTONO LÍRICO 2022”, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO



Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de polo importe total de 136.790,76 € (cento trinta e seis mil setecentos noventa euros con setenta e seis céntimos), financiándose coas seguintes achegas

- Concello de Vigo: 80.000 €
- Venda de entradas: 15.490,76 €
- Xunta de Galicia: 25.000 €
- Patrocinios (Gadisa): 1.800 €
- Fondos propios: 14.500 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O Festival Outono Lírico está composto este ano dos seguintes eventos:

- FALSTAFF (de Giuseppe Verdi)

Teatro Afundación. 30 de outubro, 19:00 h

- CICLO “VOCES PARA UN OUTONO”:

* **Wagner. Mujeres y Diosas.** Auditorio Afundación. 1 de outubro, 20:00 h.

* **Huellas.** Auditorio Afundación. 15 de outubro, 20:00 h.

- NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA

Auditorio do Conservatorio Superior de Música (“Martín Códax”).

8 de outubro, 20:00 horas. Emilia Pérez (soprano), Lucas López (piano)

- CINE DE OUTONO

Auditorio Municipal do Concello

11 de outubro, 20:00 horas. “FALSTAFF” (“Campanadas a Medianoche”. España, 1965)

- ÓPERA NO CINE

Auditorio Municipal do Concello

13 de outubro, 20:00 horas. “LA VIDA BREVE”. (FALLA).

- HABLEMOS DE....

Sala de conferencias de Afundación.

*** 29 de setembro, 19:30 horas.**

“De Dresde a Isolda: las canciones Wesendonk de R. Wagner”.

Por Darío Comesaña, socio da AAOV e especialista na obra de Wagner.

*** 29 de outubro, 19:30 horas.**

“Hablemos de Falstaff”.

Mesa redonda na que participarán Manuel Coves (director musical), Eugenia Corbacho (directora de escena) e diferentes membros do elenco de *Falstaff*.

*** 31 de outubro, 19:30 horas.**

“Renata Tebaldi. La Reina del Verismo”.

Conferencia a cargo de Victoria Stapells e Arturo Reverter. Escritores e críticos musicais.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Daniel Díz Portela
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co



Concello de Vigo

obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.
10. **Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (80.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo,

as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.



Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula

o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



Concello de Vigo

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2022

	gastos	ingresos
	FALSTAFF	
CACHÉ SOLISTAS	26.290,00	
DIR. Musical (M. Coves)	5.500,00	
CORBACHO (dirección escena).-	3.300,00	
CONTRERAS (video e iluminación).-	2.800,00	
CORO RIAS BAIXAS & BRUNO DIAZ	2.500,00	
ALQ. TEATRO (7 días x 1.800,00 €/día	14.132,80	
CORREPETIDOR	2.500,00	
HOTELES (7 días x 70 €/día x 13 ind	6.370,00	
ORQUESTA OSV430	31.000,00	
PANTALLA Y VIDEOMAPPING	4.500,00	
VIAJES	3.100,00	
PARTITURAS	3.000,00	
<hr/>		
CONFERENCIAS Y CONSERVATORIO	2.100,00	
CONCIERTO INTENSO WAGNER	6.800,00	
CONCIERTO HUELLAS	6.800,00	
CONCIERTO VOCES LIRICAS GALLEGA	2.597,96	
<hr/>		
DIETAS	3.500,00	
PUBLICIDAD, CARTELERIA, PROGR.	10.000,00	
TAQUILLAS		15.490,76
CONCELLO		80.000,00
XUNTA		25.000,00
GADISA, SL		1.800,00
FONDOS PROPIOS		14.500,00
<hr/>		
	136.790,76€	136.790,76€

9(779).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DAS OBRAS DE “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”. EXPTE. 493/441.

Visto o informe xurídico do 7/09/2022 e o informe de fiscalización do 13/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral da Área de Fomento, a xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de febreiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

«Aprobar o Proxecto de “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAI-DOS”, redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 €), de data decembro de 2019, sen prexuízo de que habida conta de que o prazo de execución da obra previsto no proxecto é superior ao prazo inicial da autorización de Augas de Galicia para a realización da obra, ben no mo-mento da súa execución ou previamente a esta deberá solicitarse de Augas de Galicia a prórroga da autorización prevista nas condicións desta».

2º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 5 de novembro de 2020, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (CIF A-32.015.844) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Nova grada de Marcador do Estadio Municipal de Balaídos” (493-441) por un prezo total de 15.467.430,00 euro, sendo a cota corres-pondente ao IVE de 2.684.430,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

3º.- Con data 15 de decembro de 2020 formalizase o contrato das obras “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ES-TADIO MUNICIPAL DE BALAI-DOS”, entre o Concello de Vigo e a empresa S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.

4º.- Con data 15 de decembro de 2020 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu no-mear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras ao Enxeñeiro de Edificación D. Aurelio Adán Fer-nández e ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños.

5º.- En data 21 de decembro de 2020 asínase a acta de comprobación do reopranteo, suspendéndose dita obra na mesma data. En data 15 de marzo de 2021 finalizase a suspensión procedendo ao reinicio das devanditas obras.

6º.- En data 10 de xuño de 2021 recíbese resolución de renovación de autorización das obras do proxecto de “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAI-DOS”, da Dirección de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), outorgando un prazo para a realización das devanditas obras de 24 meses contados partir do día seguinte da recepción de dita resolución. (Expte. 4869-443, trámite 423).

7º.- Con data de 11 de Agosto de 2021, efectuase a recepción parcial das obras que corresponden coa redistri-bución de bancadas na grada de Río.

8º.- Con data 29 de setembro de 2021, a Dirección Facultativa da obra, co conforme do responsable do contrato, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS (493-441)” para a redacción do MODIFICADO N° 1 do “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS (493-441)”, xa que se detectan tralo comezo das obras unha serie de circunstancias, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente.

Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 30 de setembro de 2021, resolveu autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto da obra “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS (493-441)”.

9º.- En data 5 de outubro de 2021, a Dirección Facultativa da obra solicita conformidade do órgano de contratación para a continuación provisional das obras referentes ao modificado nº1. En data 14 de outubro de 2021, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos dita resolución de continuidade provisional das obras, nos termos da proposta da dirección facultativa de data 5 de outubro de 2021.

10º.- A Xunta de Goberno Local, sesión de data 10 de marzo de 2022, acordou aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e polo Enxeñeiro de Edificación, D. Aurelio Adán Fernández.

11º.- Con data 30 de marzo de 2022, a Dirección facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación nº2 do proxecto de “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS”-

Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 01 de abril de 2022, resolveu autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto da obra “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS (493-441)”.

12º.- Pola dirección facultativa da obra emítense informe que consta no expediente, de data 5 de setembro de 2022, no seguinte senso:

“(…)

II.- MODIFICACIÓNS.

Neste apartado inclúense as modificación contidas no proxecto modificado nº 2.

II.1. Modificacións derivadas da situación actual do conxunto do Estadio Municipal con respecto a grada en execución.



Concello de Vigo

Actualmente con respecto á totalidade do Estadio, encóntranse finalizadas as actuacións de remodelación relativas aos graderíos de Tribuna e Río, e en execución a obra de referencia da nova grada de Marcador.

Está pendente a execución da actuación de nova grada de Gol.

A proposta global do Estadio permite crear unha pel a totalidade do Estadio. As actuacións foron segregadas nas diferentes actuacións citadas polas diferentes necesidades técnicas diferenciadas en cada unha, coa correspondente operativa de desprazamento de usuarios e consideracións orzamentarias concretando a execución nas actuacións de fases citadas anteriormente.

Na situación actual de execución da grada de Marcador, con respecto ao conxunto do Estadio, no que falta por executar a nova grada de Gol, os esforzos os que esta sometida a estrutura da bancada de Marcador están condicionados a demolición e construción da futura nova grada de Gol tal e como se recolle na memoria do proxecto técnico aprobado da grada de Marcador:

“03.8. Condicionantes:

“De cara a la ejecución del proyecto, “habrá de preverse que, durante la demolición parcial de las gradas situadas en los fondos, se generarán unos esfuerzos sobre la estructura existente debido a los vientos predominantes, por lo que se debe minimizar dicho efecto con una solución de apantallamiento o demolición por partes que habrá de validar la dirección facultativa. Por otra parte, hasta que no se igualen las fachadas y cubiertas de la grada de GOL, se dejarán abiertos los tímpanos entre las curvas para permitir la salida de aire y evitar los esfuerzos excesivos de succión”.

A solución indicada no proxecto contempla deixar aberturas entre as diferentes ondas da pel da fachada para minimizar os efectos de vento sobre a estrutura mentres non se complete a construción da nova grada de Gol, que reducirá considerablemente os esforzos de succión sobre a cubrición e polo tanto sobre a estrutura. Esta solución temporal impide o remate definitivo das obras e, en consecuencia, condiciona a recepción completa desta grada a execución da nova grada de Gol.

Co fin de evitar unha situación de temporalidade incerta, mótvase a realización dun novo estudio da estrutura para adoptar solucións técnicas que podan garantir a execución

completa da pel de fachada, contemplando os esforzos variables de succión que efectúa o vento sobre o conxunto do estadio segundo a situación de aberto parcialmente ou pechado na súa totalidade, que deste modo inclúa os condicionantes da situación actual real do estado do Estadio no seu conxunto con respecto a obra en marcha.

No marco do estudo da nova estrutura a executar, co obxecto de reducir cargas mortas da propia estrutura, inclúese a substitución dos tabiques interiores en fábrica de bloque de formigón gris, por fábrica de ladrillo semimacizo a cara vista, o que conleva unha redución de cargas mortas dun 64.00% ó mesmo tempo que se manteñen os mesmos criterios de execución das gradas lindantes.

Neste sentido tamén se inclúe o axuste dos elementos de transporte mecánico, ascensores, para seren adaptados a configuración final de forxados e esquemas funcionais e de tránsito da Nova Grada Marcador do estadio Municipal de Balaidos, e conexións cos forxados das gradas de Tribuna e Río.

En consecuencia para acadar as consideracións anteriores, vense alterados por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:

CAPÍTULO 04.02.- ESTRUCTURAS.

CAPÍTULO 04.03.- PREFABRICADA.

CAPÍTULO 04.04.- ACERO.

CAPÍTULO 04.05.- CUBIERTA.

CAPÍTULO 06.- PARTICIONES Y ALBAÑILERIA.

CAPÍTULO 10.02.- TRANSPORTE MECÁNICO.

II.2. Modificacións derivadas das condicións das redes e instalacións aparecidas no subsolo distintas as recollidas no proxecto.

O proxecto de execución das obras contempla unha rede de recollida de saneamento soterrada conectada á Rede Municipal exterior ao Estadio Municipal.

Tralo comezo das obras, e despois de seren revisadas as cotas de execución da rede soterrada baixo a Nova Grada Marcador, comprobouse que mantendo as pendentes mínimas establecidas no CTE, chegase a unha cota inferior á cota actual da rede de saneamento exterior.



Concello de Vigo

A vista desta circunstancia, a modificación basease na execución dun pozo de bombeo equipado coas bombas necesarias para bombear a rede exterior as augas fecais da Nova Grada Marcador, ao non poder ser evacuadas estas por gravidade como contemplaba o proxecto inicial.

En consecuencia para acadar as consideracións anteriores, vense alterados por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:

CAPÍTULO 12.01.03.- RED DE AGUAS FECALES.

III.- OBXETIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN.

En relación á xustificación das modificacións II.2, atópanse no suposto do artigo 204 da LCSP e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I FEC (Follas Específicas do Contrato), punto 14 C, que prevé a posibilidade de modificación do contrato nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito da actuación aparezan condicións e elementos do subsolo distintas as recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación dos espazos e instalacións auxiliares da grada a novos usos, sempre e cando estes sufran modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*
- Necesidades de adaptación da unión da nova grada de Marcador as gradas existentes de Rio, Tribuna e Preferencia, no referente a instalacións, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

Tendo en conta o anterior, indicar que as modificacións II.2 recollidas no presente proxecto modificado nº2 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.

Por outra banda, en relación á modificación II.1 cabe indicar que a mesma non foi prevista no PCAP e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias derivadas da situación actual do conxunto do Estadio Municipal con respecto a grada de Marcador en execución, de modo que se poida garantir a execución completa da pel de fachada e non se vexa condicionada a recepción completa desta grada a execución da nova grada de Gol.

Asemade, ditas modificacións non son substancias no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non

requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓN REAIS EXECUTADAS.

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:

“1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada”.

Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº2 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

V.- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO.

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas por capítulos establecidos no orzamento do proxecto, indicando balance de aforros e excesos para cada un de eles e indicando a xustificación destas modificacións e as novas unidades xeradas en cada capítulo e circunstancia xustificativa para a modificación do contrato.



CAPÍTULO 1. ACTUACIONES PREVIAS.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado nº 1.

CAPÍTULO 2. DEMOLICIONES.

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptase a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado Nº 1		Propuesta Proyecto Modificado Nº 2		Diferenda	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
02		DEMOLICIONES			358.557,53		426.074,73	67.517,20	0,584%
02.01	m3	Demolición estructuras de HA y foso de HA	26,84	1.079,866	28.983,60	1.693,900	43.773,36	14.789,76	0,128%
02.02	ud	Desmontaje y demolición de góndolas de cubierta	7.843,34	22,000	172.553,48	22,000	172.553,48	0,00	0,000%
02.03	m3	Demolición de solera de HA	17,32	456,338	7.903,77	798,243	13.825,56	5.921,79	0,051%
02.04	m3	Desmontaje y demolición de pórticos existentes	29,64	770,000	22.822,80	793,650	23.523,79	700,99	0,006%
02.05	m2	Demolición obras de fábrica	5,61	6.775,000	38.007,75	14.089,180	79.040,30	41.032,55	0,355%
02.06	mI	Desmontaje barandillas y cerros metálicos	5,56	1.190,000	6.616,40	2.102,250	11.688,51	5.072,11	0,044%
02.07	m3	P.C.001 DEMOLICIÓN CIMENTACIÓN HORMIGÓN ARMADO A MAQUINA	96,85	843,260	81.669,73	843,260	81.669,73	0,00	0,000%

CAPÍTULO 3. ACONDICIONAMIENTO DEL TERRENO.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado nº 1.

CAPÍTULO 4. ESTRUCTURAS.

CAPÍTULO 4.01. CIMENTACIONES.

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptase a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado Nº 1		Propuesta Proyecto Modificado Nº 2		Diferenda	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
04.01		CIMENTACIONES			768.409,13		777.893,53	9.484,40	0,082%
04.01.01		Regularización			11.177,74		16.964,16	5.786,42	0,050%
04.01.01.1	m ²	Hormigón de limpieza y nivelado de fondos	5,06	1.104,520	5.588,87	1.676,300	8.482,08	2.893,21	0,025%
04.01.01.2	m ²	Hormigón de limpieza y nivelado de fondos	5,06	1.104,520	5.588,87	1.676,300	8.482,08	2.893,21	0,025%
04.01.02		Encepados y pilotes prefabricados			749.300,60		752.998,58	3.697,98	0,032%
04.01.02.1	m ²	Montaje de sistema de encofrado recuperable metálico	10,04	1.384,900	13.903,39	1.407,550	14.131,80	228,41	0,002%
04.01.02.2	m ²	Encepado de hormigón armado HA-50/B/20/IIa	291,06	60,900	17.725,55	60,900	17.725,55	0,00	0,000%
04.01.02.3	m	Pilote prefabricado de hormigón armado, "TERRA T-300/400" o simi	56,03	1.984,000	111.163,52	1.984,000	111.163,52	0,00	0,000%
04.01.02.4	m	Descabezado de pilote prefabricado de hormigón armado 40x40 cm	8,60	388,500	3.341,10	388,500	3.341,10	0,00	0,000%
04.01.02.5	m ²	P.C.005 HORMIGÓN P/ARMAR HA-30/P/20/Qa CIM.V.BOMB	132,88	1.196,972	159.053,70	1.200,620	159.538,44	484,74	0,004%
04.01.02.6	kg	P.C.006 ACERO CORRUGADO ELAB. B 500 S	1,44	158.487,099	228.149,34	158.771,174	228.630,49	481,15	0,004%
04.01.02.7	m	P.C.007 Pilote prefabricado T-233mm Q=7It	75,20	816,000	61.363,20	816,000	61.363,20	0,00	0,000%
04.01.02.8	m	P.C.008 Pilote prefabricado T-270mm Q=94t	77,76	208,000	16.174,08	208,000	16.174,08	0,00	0,000%
04.01.02.9	m	P.C.009 Pilote prefabricado T-350mm Q=154t	94,29	1.136,000	107.113,44	1.136,000	107.113,44	0,00	0,000%
04.01.02.10	m	P.C.010 Micropilote Tubo Acero D=100mm	137,01	64,000	8.768,64	0,000	0,00	-8.768,64	-0,076%
04.01.02.11	m	P.C.011 Micropilote Tubo Acero D=120mm	176,13	128,000	22.544,64	192,000	33.816,96	11.272,32	0,098%
04.01.03		Armostramientos y vasos HA			7.930,79		7.930,79	0,00	0,000%
04.01.03.1	m ²	Encofrado recuperable metálico, para viga centradora	5,65	1.403,680	7.930,79	1.403,680	7.930,79	0,00	0,000%
04.01.03.2	m ³	Viga centradora de hormigón armado, HA-50/B/20/IIa	309,66	0,000	0,00	0,000	0,00	0,00	0,000%
04.01.03.3	m ³	Vaso de hormigón armado, HA-50/B/20/IIa	163,44	0,000	0,00	0,000	0,00	0,00	0,000%

CAPÍTULO 4.02. ESTRUCTURAS.

Neste capítulo, intégranse novas unidades de obra, non contempladas no proxecto con prezos contemplados no anexo V do PCAP reitor do contrato, necesarias para a execución das solucións técnicas que podan garantir a execución completa da pel de fachada.

Asemade, inclúense as variacións necesarias para garantir a execución completa da pel de fachada, motivadas pola situación actual do conxunto do Estadio Municipal con respecto á grada en execución.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:



Concello de Vigo

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado Nº 1		Propuesta Proyecto Modificado Nº 2		Diferenda	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
04.02		ESTRUCTURAS			1.575.307,01		2.674.116,83	1.098.809,82	9,506%
04.02.01		Hormigón armado			796.642,29		1.854.414,62	1.057.772,33	9,151%
12.04.04.3	Ud	REJILLA RETORNO 20-45-H-O 300X200	30,06	39,000	1.172,34	39,000	1.172,34	0,00	0,000%
12.04.04.4	Ud	TOMA DE AIRE 210-TA 500X300	65,84	10,000	658,40	10,000	658,40	0,00	0,000%
12.04.04.5	Ud	VENTILADOR TD-2000/S15 SILENT ECOWATT	477,18	10,000	4.771,80	10,000	4.771,80	0,00	0,000%
12.04.05		VARIOS			1.344,08		1.344,08	0,00	0,000%
12.04.05.1	Ud	TRABAJOS DE ALBAÑILERÍA PARA INST CLIMATIZACION	228,29	1,000	228,29	1,000	228,29	0,00	0,000%
12.04.05.2	Ud	PRUEBAS FUNCIONAMIENTO CLIMATIZACION	323,30	1,000	323,30	1,000	323,30	0,00	0,000%
12.04.05.3	Ud	LEGALIZACION INSTALACIÓN CLIMATIZACION Y PLANOS AS-BUILT	792,49	1,000	792,49	1,000	792,49	0,00	0,000%

CAPÍTULO 12.05. INSTALACIÓN DE ELECTRICIDAD (MEDIA TENSIÓN).

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado N° 1		Propuesta Proyecto Modificada N° 2		Diferenda	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
12.05		INSTALACIÓN DE ELECTRICIDAD (MEDIA TENSIÓN)			389.590,97		415.126,38	25.535,41	0,221%
12.05.01		DEMOLICIONES Y DESMONTAJES			3.707,38		5.561,07	1.853,69	0,016%
12.05.01.1	Ud	DESMONTAJE DE CT EXISTENTE	1.853,69	2,000	3.707,38	3,000	5.561,07	1.853,69	0,016%
12.05.02		LINEAS DE MT			45.641,76		52.359,15	6.717,39	0,058%
12.05.02.1	Ud	PUNTO DE ACCESO (ARQUETA) PREF.HORMIGÓN M.T. CON DOS TAPAS FUND	523,29	6,000	3.139,74	7,000	3.663,03	523,29	0,005%
12.05.02.2	ml	EMPALME PARA CABLE SECO UNIPOLAR RETRACTIL 12/20KV 240mm ²	127,60	24,000	3.062,40	36,000	4.593,60	1.531,20	0,013%
12.05.02.3	ml	CANALIZACIÓN ENTERRADA PARA LINEAS 4xND160-1xND125 EN ZANJA	50,07	360,000	18.025,20	390,000	19.527,30	1.502,10	0,013%
12.05.02.4	ml	CONDUCTOR TIPO RHZL-20L-1612/20KV 3x1x240mm ² ALUMINIO	26,34	813,000	21.414,42	993,000	24.575,22	3.160,80	0,027%
12.05.03		CENTRO DE TRANSFORMACION DE ABONADO			161.462,12		171.499,69	10.037,57	0,087%
12.05.03.1	Ud	RED DE TIERRAS HERRAJES	503,10	2,000	1.006,20	2,000	1.006,20	0,00	0,000%
12.05.03.2	Ud	RED DE TIERRAS NEUTRO TRAF0	447,84	2,000	895,68	2,000	895,68	0,00	0,000%
12.05.03.3	Ud	RED DE TIERRAS CENTRO SECCIONAMIENTO	503,10	1,000	503,10	1,000	503,10	0,00	0,000%
12.05.03.4	Ud	REJAS METALICAS	295,12	2,000	590,24	2,000	590,24	0,00	0,000%
12.05.03.5	Ud	CONJUNTO DE ELEMENTOS AUXILIARES	355,57	3,000	1.066,71	3,000	1.066,71	0,00	0,000%
12.05.03.6	Ud	CARRILES PARA SOPORTE DE TRAFOS	104,54	1,000	104,54	1,000	104,54	0,00	0,000%
12.05.03.7	Ud	CANALIZACIÓN MEDIANTE FOSO	543,05	1,000	543,05	1,000	543,05	0,00	0,000%
12.05.03.8	Ud	JUEGO PUENTES AT	555,01	1,000	555,01	1,000	555,01	0,00	0,000%
12.05.03.9	Ud	TRANSFORMADOR SECO 1000 KVAS	22.383,35	2,000	44.766,66	2,000	44.766,66	0,00	0,000%
12.05.03.10	Ud	BATERIA CONDENSADORES 50KVAR	3.397,32	2,000	6.794,64	2,000	6.794,64	0,00	0,000%
12.05.03.11	Ud	CELDAS CENTRO SECCIONAMIENTO COMPAÑIA	26.549,10	1,000	26.549,10	1,000	26.549,10	0,00	0,000%
12.05.03.12	Ud	CELDA DE REMONTE SIN P LESTA A TIERRA	1.121,92	1,000	1.121,92	2,000	2.243,84	1.121,92	0,010%
12.05.03.13	Ud	CELDA DE PROTECCIÓN GENERAL	8.915,65	1,000	8.915,65	2,000	17.831,30	8.915,65	0,077%
12.05.03.14	Ud	CELDA DE MEDIDA	4.714,53	1,000	4.714,53	1,000	4.714,53	0,00	0,000%
12.05.03.15	Ud	CELDA DE PROTECCIÓN DE TRANSFORMADOR	8.915,65	2,000	17.831,30	2,000	17.831,30	0,00	0,000%
12.05.03.16	Ud	CANALIZACIÓN PREFABRICADA BT TRAF0-CGBT - LINEA A	6.569,68	1,000	6.569,68	1,000	6.569,68	0,00	0,000%
12.05.03.17	Ud	CANALIZACIÓN PREFABRICADA BT TRAF0-CGBT - LINEA B	7.565,95	1,000	7.565,95	1,000	7.565,95	0,00	0,000%
12.05.03.18	Ud	CUADRO BAJA TENSION EN CT	15.684,08	2,000	31.368,16	2,000	31.368,16	0,00	0,000%
12.05.04		VARIOS			7.727,73		14.654,49	6.926,76	0,060%
12.05.04.1	Ud	TRABAJOS DE ALBAÑILERÍA PARA INST ELEC	542,59	9,000	4.883,31	17,000	9.224,03	4.340,72	0,038%
12.05.04.2	Ud	P RUEBAS FUNCIONAMIENTO ELECTRICIDAD MT	258,38	3,000	775,14	5,000	1.291,90	516,76	0,004%
12.05.04.3	Ud	LEGALIZACION INSTALACIÓN Y PLANOS AS-BUILT ELECTRICIDAD MT	2.069,28	1,000	2.069,28	2,000	4.138,56	2.069,28	0,018%
12.05.05		TRASLADO CENTRO DE TRANSFORMACION DE COMPAÑIA			171.051,98		171.051,98	0,00	0,000%
12.05.05.1	Ud	TRASLADO CENTRO DE TRANSFORMACION DE COMPAÑIA	85.525,99	2,000	171.051,98	2,000	171.051,98	0,00	0,000%

CAPÍTULO 12.06. INSTALACIÓN DE ELECTRICIDAD (BAJA TENSIÓN).

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

CAPÍTULO 12.07. INSTALACIÓN DE ALUMBRADO INTERIOR.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado n° 1.

CAPÍTULO 12.08. INSTALACIÓN DE ALUMBRADO DE CAMPO.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado n° 1.

CAPÍTULO 12.09. INSTALACIÓN DE ALUMBRADO EXTERIOR.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado n° 1.



Concello de Vigo

CAPITULO 13.

Non se contempla este capítulo no proxecto inicial.

CAPÍTULO 14. INSTALACIONES ESPECIALES.

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptase a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado Nº 1		Propuesta Proyecto Modificado Nº 2		Diferencia	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
14		INSTALACIONES ESPECIALES			270.880,68		358.874,28	87.993,60	0,761%
14.01		ACTUACIONES PREVIAS			7.411,75		7.411,75	0,00	0,000%
14.01.1	Ud	DESMTAJE DE INSTALACIONES DEL CONCESIONARIO	3.607,53	1,000	3.607,53	1,000	3.607,53	0,00	0,000%
14.01.2	Ud	DESMTAJE DE INSTALACIONES DE LA LIGA	3.804,22	1,000	3.804,22	1,000	3.804,22	0,00	0,000%
14.02		INSTALACIONES ESPECIALES GRADA MARCADOR			12.058,65		12.058,65	0,00	0,000%
14.02.1	Ud	REINSTALACIÓN DE SISTEMAS Y EQUIPOS GR. MARCADOR	12.058,65	1,000	12.058,65	1,000	12.058,65	0,00	0,000%
14.03		INSTALACIONES ESPECIALES LIGA			251.410,28		339.403,88	87.993,60	0,761%
14.03.1	Ud	REINSTALACIÓN DE SISTEMAS Y EQUIPOS DE LA LIGA	251.410,28	1,000	251.410,28	1,350	339.403,88	87.993,60	0,761%

CAPÍTULO 15. REFORMA GRADA RÍO.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado nº 1.

CAPÍTULO 16. SEGURIDAD Y SALUD.

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptase a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado Nº 1		Propuesta Proyecto Modificado Nº 2		Diferencia	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
16		SEGURIDAD Y SALUD			78.577,67		98.222,09	19.644,42	0,170%
16.01	Ud	Seguridad y Salud	78.577,67	1,000	78.577,67	1,250	98.222,09	19.644,42	0,170%

CAPÍTULO 17. GESTIÓN DE RESÍDUOS.

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptase a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

Cód.	Ud	Descripción	Precio E.M.	Proyecto Modificado Nº 1		Propuesta Proyecto Modificado Nº 2		Diferencia	
				Medición	Importe E.M.	Medición	Importe E.M.	Importe E.M.	%
17		GESTIÓN DE RESIDUOS		95.696,56	87.138,33	-8.558,23	-0,074%		
17.01	m3	Gestion de los materiales sobrantes de obra	14,91	320,000	4.771,20	320,000	4.771,20	0,00	0,000%
17.02	t	Carga y transporte a vertedero tierras/piedra I/canon	3,45	6.982,180	24.088,52	6.982,180	24.088,52	0,00	0,000%
17.03	t	Carga y transporte a vertedero hormigon I/canon	7,30	1.617,480	11.807,60	1.617,480	11.807,60	0,00	0,000%
17.04	t	Carga y transporte a vertedero mezclas bituminosas I/canon	20,12	2.187,080	44.004,04	1.761,720	35.445,81	-8.558,23	-0,074%
17.05	t	Carga y transporte a vertedero potencialmente peligrosos	25,48	432,700	11.025,20	432,700	11.025,20	0,00	0,000%

CAPÍTULO 18. IMPREVISTOS.

Non presenta variacións respecto ao proxecto modificado nº 1.

VI.- ORZAMENTO.

Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto aprobado.

As variacións recollidas no presente modificado Nº2 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC - modificacións do apartado II.2-, así como a modificacións non previstas no PCAP a causa da situación actual do conxunto do Estadio Municipal con respecto á grada en execución - modificacións do apartado II.1- e ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes.

Respecto as modificacións non previstas no PCAP - modificacións do apartado II.1- se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa obxectiva de adoptar solucións técnicas que podan garantir a execución completa da pel de fachada, contemplando os esforzos variables de succión que efectúa o vento sobre o conxunto do estadio segundo a situación de aberto parcialmente ou pechado na súa totalidade que deste modo inclúa os condicionantes da situación actual real do estado do Estadio no seu conxunto con respecto a obra en marcha.



Concello de Vigo

Asemade, as modificacións do apartado II.1, en particular as referentes ás circunstancias derivadas dos esforzos variables de succión que efectúa o vento sobre o conxunto do estadio segundo a situación de aberto parcialmente ou pechado na súa totalidade, obrigan a introdución dunha nova unidade de obra con novo prezo unitario non previsto no contrato, afectando ao seguinte capítulo:

- Capítulo 04.05. CUBIERTA

O importe das novas unidades de obra que é necesario introducir representa o 13,289% do orzamento do Proxecto Modificado Nº 1 do contrato, non representando máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

Polo que ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

O resto das modificacións recollidas no apartado II.2, derivadas das condicións das redes e instalacións aparecidas no subsolo distintas as recollidas no proxecto, axústanse ao establecido nos artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato, e afectan o seguinte capítulo:

CAPÍTULO 12.01.03.- RED DE AGUAS FECALES.

As modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidade do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resúmese nas táboas seguintes:

CAPÍTULO	Proyecto Inicial	Proyecto Modificado N°1	Modificación N° 2	Modificación según Art. 205.2 de LCSP		Modificación según Art. 204 de LCSP		Variación según Art. 242.4i de LCSP		Diferencia	
	Importe E.M.	Importe E.M.	Importe E.M.	Importe E.M.	% S/P.Mod.*1	Importe E.M.	% S/P.Mod.*1	Importe E.M.	% S/P.Mod.*1	Importe E.M.	
01	ACTUACIONES PREVIAS	36.761,49	49.701,93	49.701,93	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
02	DEMOLICIONES	248.841,17	358.557,53	426.074,73	0,00	0,00	0,00	67.517,20	18,83%	67.517,20	
03	ACONDICIONAMIENTO DEL TERRENO	57.831,44	177.316,21	177.316,21	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
04	ESTRUCTURAS	4.850.829,77	4.712.566,96	6.134.983,79	1.412.932,43	29,98%	0,00	9.484,40	0,20%	1.422.416,83	
05	FACHADAS Y CUBIERTA	1.694.198,48	1.694.198,48	1.758.946,78	0,00	0,00	0,00	64.748,30	3,82%	64.748,30	
06	PARTICIONES Y ALBANILERIA	321.274,78	317.326,49	675.233,77	271.853,86	85,67%	0,00	86.053,42	27,12%	357.907,28	
07	CARPINTERIA	193.889,74	193.889,74	187.059,03	0,00	0,00	0,00	-6.830,71	-3,52%	-6.830,71	
08	AISLAMIENTOS E IMPERMEABILIZACIONES	19.469,76	19.469,76	59.188,45	0,00	0,00	0,00	39.718,69	204,00%	39.718,69	
09	REVESTIMIENTOS, TRASDOSADOS Y PINTURA	688.306,78	582.417,00	648.238,78	0,00	0,00	0,00	65.821,78	11,30%	65.821,78	
10	EQUIPAMIENTOS	688.038,52	688.038,52	773.488,39	10.579,68	1,54%	0,00	74.870,19	10,88%	85.449,87	
11	SEÑALIZACIÓN	14.334,72	14.334,72	14.334,72	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
12	INSTALACIONES	1.923.471,44	2.072.866,26	2.175.804,67	0,00	0,00	30.878,02	72.060,39	3,48%	102.938,41	
14	INSTALACIONES ESPECIALES	270.880,68	270.880,68	358.874,28	0,00	0,00	0,00	87.993,60	32,48%	87.993,60	
15	REFORMA GRADA RÍO	224.400,00	233.516,25	233.516,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
16	SEGURIDAD Y SALUD	78.577,67	78.577,67	98.222,09	0,00	0,00	0,00	19.444,42	25,00%	19.444,42	
17	GESTIÓN DE RESÍDUOS	132.196,57	95.696,56	87.138,33	0,00	0,00	0,00	-8.558,23	-8,94%	-8.558,23	
18	IMPREVISTOS	120.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL		11.563.303,01	11.559.354,72	13.858.122,16	1.695.365,97	14,667%	30.878,02	0,267%	572.523,46	4,953%	2.298.767,45
13% de Gastos Xerais :		1.503.229,39	1.502.716,11	1.801.555,88	220.397,58		4.014,14		74.428,05		298.839,77
6% de Beneficio Industrial :		693.798,18	693.561,28	831.487,33	101.721,96		1.852,68		34.351,41		137.926,05
SUMA DE G.G. y B.I.		2.197.027,57	2.196.277,39	2.633.043,21	322.119,54		5.866,82		108.779,46		436.765,82
SUMA		13.760.330,58	13.755.632,11	16.491.165,37	2.017.485,51		36.744,84		681.302,92		2.735.533,27
Coeficiente de Adjudicación:		0,928974747474750									
TOTAL BASE IMPONIBLE		12.783.000,00	12.778.635,24	15.319.876,64	1.874.193,14		34.135,03		632.913,22		2.541.241,40
21,00% I.V.A.		2.684.430,00	2.683.513,40	3.217.174,09	393.580,56		7.168,36		132.911,78		533.660,69
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN CONTRATA		15.467.430,00	15.462.148,64	18.537.050,73	2.267.773,70	14,667%	41.303,39	0,267%	765.825,00	4,953%	3.074.902,09

Cadro resumo respecto do proxecto orixinal:

	Modificado nº1	Modificado nº2	Total Líquido	% respecto do proxecto orixinal
	Importe Líquido	Importe Líquido		
Modificacións sg art.204 da LCSP	100.462,81 €	41.303,39 €	141.766,20 €	0,916%
Modificacións sg art.205.2.c) da LCSP	0,00 €	2.267.773,70€	2.267.773,70 €	14,662%
Variacións sg art.242.4 i) da LCSP	-105.744,17 €	765.825,00€	660.080,83 €	4,267%
TOTAL	-5.281,36 €	3.074.902,09 €	3.069.620,73 €	

As modificacións non previstas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 13,284%) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modifica-



Concello de Vigo

cións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 14,662%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

	P.E.M.	LÍQUIDO	% respecto do proxecto orixinal
IMPORTE UNIDADES DE OBRA NOVAS INTRODUCIDAS (ART. 205.2. C 2º, LCSP)	1.536.117,56 €	2.054.758,12 €	13,284 %
VALOR DA ALTERACIÓN NA CUANTÍA DO CONTRATO POLAS MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS PCAP (ART. 205.2 C 3º (i), LCSP)	1.695.365,97 €	2.267.773,70 €	14,662 %

VII.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

Para a execución das actuacións proxectadas, no Proxecto Modificado Nº2, contéplase unha ampliación de 3 meses sobre o prazo de obra aprobado por resolución da Xunta de Goberno Local celebrada con data 10 de marzo de 2022, no que se acorda aprobar o Proxecto Modificado Nº1 das obras “NOVA GRADA MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS”.

VIII.- CONCLUSIÓNS

*As citadas modificacións, propostas no presente Proxecto Modificado N.º2 das obras de **“NOVA GRADA MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS”**, estimase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra. Asemade considérase o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria de este, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

En relación á modificación II.1 debemos indicar que a mesma non foi prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa obxectiva de adoptar solucións técnicas que podan garantir a execución completa da pel de fachada, contemplando os esforzos variables de succión que efectúa o vento sobre o conxunto do estadio segundo a situación de aberto parcialmente ou pechado na súa totalidade que deste modo inclúa os condicionantes da situación actual real do estado do Estadio no seu conxunto con respecto a obra en marcha.

As modificacións derivadas das anteriores circunstancias citadas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 13,284% %) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 14,662%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

Por outra banda, a modificación incluída no apartado II.2, limitase a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa obxectiva de aparición de redes e instalacións no subsolo con condicións distintas ás recollidas no proxecto, e atópase recollidas nas circunstancias descritas no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.

Tódalas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo motivadas en xeral pola situación actual do conxunto do Estadio Municipal con respecto á grada en execución e pola aparición de redes e instalacións no subsolo con condicións distintas ás recollidas no proxecto, condicións que non puideron ser previstas no proxecto orixinal.

As modificacións que se expoñen non alteran as condicións recollidas no PCAP, que rexen a contratación das obras de "NOVA GRADA MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAI DOS", nin altera a natureza global do contrato.

Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 10982001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Di-



Concello de Vigo

rectivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014.”

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9 de xullo de 2020, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas co acondicionamento do terreo, estruturas, particións e albanelería, carpintería, illamentos e impermeabilizacións, revestimentos, trasdosados e pinturas, equipamentos, sinalización, instalacións, instalacións especiais, seguridade e saúde e xestión de residuos
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito da actuación aparezan condicións e elementos do subsolo distintas as recollidas no proxecto.

- Necesidades de adaptación dos espazos e instalacións auxiliares da grada a novos usos, sempre e cando estes sufran modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.
- Necesidades de adaptación da unión da nova grada de Marcador ás gradas existentes de Río, Tribuna e Preferencia, no referente a instalacións, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

IV.- Asemade, en relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a)** Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b)** Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.



Concello de Vigo

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

V.- Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204 e 205 da LCSP.

As modificacións propostas do apartado II.2 atópanse previstas no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, e as modificacións propostas no apartado II.1, encádranse nas modificacións non previstas no PCAP - modificacións non substanciais- a causa da situación actual do conxunto do Estadio Municipal con respecto á grada en execución.

Respecto as modificacións non previstas no PCAP - modificacións do apartado II.1- se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa da seguridade e acceso de vehículos de emerxencia, garantindo a seguridade das persoas usuarias do espazo público.

Polo que ditas modificacións expostas non son substanciais, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

VI.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

VII.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

VIII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á



Concello de Vigo

aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

IX.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.(Trámite 974 do expediente dixital).

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30.09.2021, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, sen que formulara, en data 15.07.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 945, 948 e 949 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 15.07.2022, respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámites 944, 950 e 952 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado pola Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 28.07.2022.(Trámite 955 do expediente dixital).

6º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

7º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

8º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

9º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)

- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

X.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 2 das obras de “**NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS**” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e polo Enxeñeiro de Edificación D. Aurelio Adán Fernández, o que supón un importe líquido adicional de **3.074.902,09 €**, supoñendo un 0,267% (41.303,39 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 14,667% (2.267.773,70 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205 da LCSP, e un 4,953% (765.825,00 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 3 MESES.

3º. Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 9330 632 00 10, a cal conta con crédito adecuado e suficiente, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	2.757.099,47 €
2023	317.802,62 €
TOTAL	3.074.902,09 €

4º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

5º.- Instar á mercantil S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (CIF A-32.015.844), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

6º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(780).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTOS “CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT”. EXPTE. 1296/441.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico de data 29/08/2022 e o informe de fiscalización do 08/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/08/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e o polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 21.05.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat a favor da empresa GEN Arquitectos SL.

II.- A devandita empresa presentou borrador de proxecto de "CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT", redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (365.958,93 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 13 de abril de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 18 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28 de abril de 2022 aprobou o proxecto de básico e de execución de "CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT", redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (365.958,93 €), asinado dixitalmente en data 22.03.2022. (Expte. 5424/443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28.04.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.424-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Nuñez, de data marzo de 2022.
- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 1 e 2 de xuño de 2022.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 2 de xuño de 2022.
- D)** Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 16 e 20 de xuño de 2022.
- E)** Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 21 de xuño de 2022.
- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 22 de xullo de 2022.
- G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 26 de xullo de 2022.
- H)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de agosto de 2022.
- I)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de agosto de 2022.
- J)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 19 de agosto de 2022.
- K)** Dilixencia do Servizo de contratación indicando os cambios introducidos no PCAP de 19.08.2022

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 13.04.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT”, redactado polo arquitecto D. Javier Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 19 de agosto de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (365.958,93 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 63.513,53 €.



Concello de Vigo

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN PATIOS DE COLEXIOS, COOFINANCIADO DEPUT), proxecto de gasto 21323008.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	325.000,00 €
2023	40.958,93 €
TOTAL	365.958,93 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(781).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

EAS/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez